Coa posta en funcionamento, púxose ao descuberto con toda claridade a folla de ruta marcada, a peor faciana do Partido Popular ao servizo dos poderes económicos a costa dos petos d@s cidadáns. Foi unha actuación temeraria, sen garantías, con múltiples deficiencias, sen os equipos precisos, sen rematar as obras, sen contar c@s traballadores/as. Unha actuación temeraria que pon en risco a saúde e a vida dos doentes e a seguridade dos profesionais.

Foron múltiples as denuncias das deficiencias existentes realizadas por usuari@s, profesionais e organizacións sindicais.

Meses despois de terse realizado o traslado seguen as deficiencias, as irregularidades e as denuncias. A mediados deste mes de abril profesionais do servizo de urxencias dirixiron escrito á dirección do centro denunciando que "...pese a ter informado, ao noso coordinador de servizo e á dirección correspondente, das deficiencias observadas que consideramos graves e que afectan ao normal



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolvemento do traballo e á atención e seguridade do doente, grande parte destas non foron subsanadas...”

Estes profesionais denuncian que:

- Persisten as carencias de medios materiais (desfibriladores de altas prestacións en boxes de críticos, falta de algúns materiais en novas zonas destinadas á asistencia, tomas de osíxeno na zona de espera de boxes,, lavadoiros de mans insuficientes...).
- Mal funcionamento dos circuítos tanto asistenciais como de probas diagnósticas, mala distribución tanto arquitectónica como de espazos(distancias demasiado largas e circuítos pouco operativos, masificación de espazos, demoras na realización de probas diagnósticas, acumulo de doentes pendentes de resultados, demoras nos ingresos en planta e nos traslados a domicilio ou outros centros).
- Risco para a seguridade do doente e vulneración de dereitos básicos (zonas comúns saturadas, falta de aseos, boxes de aillamento insuficientes)
- A organización e actividade do servizo vese afectada pola ausencia de protocolos de actuación, falta de plan funcional, non coñecemento con antelación do calendario de traballo...
- A todo isto hai que engadir a deficiente ratio de persoal, de todo insuficiente para atender as urxencias dunha poboación de arredor de 435.000 persoas. No ámbito de cobertura do hospital no ano 2012 atendéronse 183.072 urxencias e en 2014 foron 182.664.

Mención especial merece a deficiente ratio de persoal



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego facemos nosas as demandas dos profesionais do servizo de urxencias do Novo Hospital de Vigo e presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a que proceda á revisión e aprobación do Plan Funcional de Urxencias do Novo Hospital de Vigo, e que de inmediato proceda á subsanar os déficits de persoal e á corrección das deficiencias existentes neste servizo, denunciadas sistematicamente polo persoal que presta os seus servizos no mesmo.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 22/04/2016 11:53:56

Daniel Rodas Chapela na data 22/04/2016 11:54:02



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 22/04/2016 11:54:06

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputado **M^a Soledad Soneira Tajés, Abel Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez, Vicente Docasar Docasar e Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Varios medios de comunicación e axencias de prensa acaban de publicar o contido de correos electrónicos, incorporados ao proceso xudicial que a empresa Edgewater mantíña coa Xunta pola denegación de autorización para a explotación de ouro en Cabana de Bergantiños, segundo os que, “amigos do presidente da Xunta” demandarían contraprestacións económicas para desbloquear as trabas legais que fixeran posible a posta en marcha do proxecto mineiro.

Segundo estas noticias publicadas, os dirixentes desta empresa canadense, comparaban a situación en Galicia coas tidas anteriormente en Venezuela, sementando unha sombra de dúbida intolerable sobre as nosas institucións e sobre a imaxe de Galicia.

A día de hoxe descoñecemos as actuacións que a Xunta de Galicia ten emprendido para que este tipo de afirmacións non queden impunes ou, no suposto caso de que sexan verídicas, os autores da extorsión sexan levado diante da xustiza.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta para o seu debate a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1.- Investigar a fondo as afirmacións dos directivos de Edgewater, sobre a suposta chantaxe que “amigos do presidente da Xunta” pretenderon facerlles para facilitar os intereses mineiros desta empresa canadense en

 Grupo Parlamentario

Corcoesto, segundo noticias que publican distintos medios de comunicación.

2.- Emprender tódalas accións legais que procedan contra os directivos da empresa Edgewater por calumnias contra o presidente da Xunta de Galicia e as institucións galegas, no caso de que se demostren falsas as súas afirmacións.

3.- Que no caso de que fosen certas as afirmacións dos directivos de Edgewater, emprender accións legais contra as persoas que utilizan o nome de Galicia, e do seu presidente, para a comisión de delitos tan graves como os que manifestan os directivos de Edgewater.

Parlamento de Galicia, 21 de abril de 2016

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés

Abel Losada Álvarez

Noela Blanco Rodríguez

Vicente Docasar Docasar

Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 22/04/2016 14:25:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/04/2016 14:25:37

Noela Blanco Rodriguez na data 22/04/2016 14:25:44

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/04/2016 14:25:48

José Manuel Gallego Lomba na data 22/04/2016 14:25:54



 [Grupo Parlamentario](#)

Jose Luis Méndez Romeu na data 22/04/2016 14:36:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputado **M^a Soledad Soneira Tajés, Abel Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez, Vicente Docasar Docasar e Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz, solicita se realice a seguinte corrección de erros no doc. núm. 49839:

onde di: “... Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.”, debe dicir: “...Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.”

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2016

Asdo.: Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Vicente Docasar Docasar
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 25/04/2016 10:24:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/04/2016 10:24:29

Noela Blanco Rodriguez na data 25/04/2016 10:24:37

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 25/04/2016 10:24:42

José Manuel Gallego Lomba na data 25/04/2016 10:24:49

Jose Luis Méndez Romeu na data 25/04/2016 10:24:56

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez, Juan Carlos González Santín, Concepción Burgo López, Ricardo Vicente Docasar Docasar, José Ramón Val Alonso, Raúl Fernández Fernández e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No DOG do 11 de decembro do 2014 publicouse a normativa que regula as infraestruturas físicas e instalacións das que terán que dispor os tanatorios e os velorios en Galicia.

Pero unha vez máis a norma chega tarde e chocando coa realidade do rural galego que envellecido e disperso adiantouse o Goberno, para poder atender a unha necesidade, desgraciadamente demasiado cotián, a de velar e acompañar aos seus defuntos e defuntas, poñendo a solución sen esperar pola norma da Administración sanitaria.

No rural galego especialmente nas aldeas máis dispersas e alongadas da montaña ourensá e lucense tíñanse artellado xa medidas para poder velar aos veciños e veciñas que, día a día van falecendo, non se adaptan á normativa que naceu máis tarde.

En moitas parroquias a Casa do Pobo, a antiga escola ou mesmo o forno comunal se teñen “readaptado” para atender a primeira necesidade dos actuais moradores, velar aos seus defuntos e defuntas. Dado que os tanatorios das funerarias, a maioría das veces, están no centro do concello ou da comarca, é dicir, a varios quilómetros cando as persoas maiores non conducen e nas aldeas non dispoñen de transporte público nas máis das veces.

Pero a necesidade de cumprir a lexislación é indubidable, e ademais o Decreto 151/2014, de sanidade mortuoria de Galicia, supón un avance pero o lexislador debería ter sempre en conta na elaboración e na posta en marcha dunha nova norma os dereitos das xentes ás que a súa aplicación

Grupo Parlamentario

pode afectar sobre todo, cando esta implica cambios en costumes tan arraigadas como no caso do que estamos a falar.

A Xunta de Galicia que legisla para a poboación galega tería que valorar que esta norma ía repercutir na nosa tradición, na nosa identidade a de velar aos defuntos e defuntas nas casas ou no propio entorno, como se fixo dende sempre; e privar ás parroquias desa posibilidade carrega un cambio cultural dificultoso.

No Grupo Parlamentario Socialista pensamos que, antes de aplicar estas medidas de tanto calado para a nosa poboación rural, a administración debера contemplar un período de adaptación e ofrecer todas as facilidades necesarias para poder mudar a situación anterior a nova.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, a que antes de que finalice este período de sesións, como responsable da saúde pública, se comprometa a:

1. Elaborar un inventario dos velorios existentes no rural galego, emprazados en locais que non estean adaptados para ese uso.
2. Acordar e conveniar coa Fegamp unhas liñas de crédito para acometer a adaptación daqueles locais que ambas administracións consideren necesarios e adaptables ao Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 22/04/2016 16:31:05

Carmen Gallego Calvar na data 22/04/2016 16:31:11



Grupo Parlamentario

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 22/04/2016 16:31:17

Juan Carlos González Santín na data 22/04/2016 16:31:23

María Concepción Burgo López na data 22/04/2016 16:31:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/04/2016 16:31:34

José Ramón Val Alonso na data 22/04/2016 16:31:44

Raúl Fernández Fernández na data 22/04/2016 16:31:50

Noela Blanco Rodriguez na data 22/04/2016 16:31:57

Jose Luis Méndez Romeu na data 22/04/2016 16:32:02

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputado **M^a Soledad Soneira Tajés, Abel Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez, Vicente Docasar Docasar e Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Varios medios de comunicación e axencias de prensa acaban de publicar o contido de correos electrónicos, incorporados ao proceso xudicial que a empresa Edgewater mantíña coa Xunta pola denegación de autorización para a explotación de ouro en Cabana de Bergantiños, segundo os que, “amigos do presidente da Xunta” demandarían contraprestacións económicas para desbloquear as trabas legais que fixeran posible a posta en marcha do proxecto mineiro.

Segundo estas noticias publicadas, os dirixentes desta empresa canadense, comparaban a situación en Galicia coas tidas anteriormente en Venezuela, sementando unha sombra de dúbida intolerable sobre as nosas institucións e sobre a imaxe de Galicia.

A día de hoxe descoñecemos as actuacións que a Xunta de Galicia ten emprendido para que este tipo de afirmacións non queden impunes ou, no suposto caso de que sexan verídicas, os autores da extorsión sexan levado diante da xustiza.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta para o seu debate a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1.- Investigar a fondo as afirmacións dos directivos de Edgewater, sobre a suposta chantaxe que “amigos do presidente da Xunta” pretenderon facerlles para facilitar os intereses mineiros desta empresa canadense en

 Grupo Parlamentario

Corcoesto, segundo noticias que publican distintos medios de comunicación.

2.- Emprender tódalas accións legais que procedan contra os directivos da empresa Edgewater por calumnias contra o presidente da Xunta de Galicia e as institucións galegas, no caso de que se demostren falsas as súas afirmacións.

3.- Que no caso de que fosen certas as afirmacións dos directivos de Edgewater, emprender accións legais contra as persoas que utilizan o nome de Galicia, e do seu presidente, para a comisión de delitos tan graves como os que manifestan os directivos de Edgewater.

Parlamento de Galicia, 21 de abril de 2016

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés

Abel Losada Álvarez

Noela Blanco Rodríguez

Vicente Docasar Docasar

Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 22/04/2016 14:24:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/04/2016 14:24:57

Noela Blanco Rodriguez na data 22/04/2016 14:25:03

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/04/2016 14:25:08

José Manuel Gallego Lomba na data 22/04/2016 14:25:13



 [Grupo Parlamentario](#)

Jose Luis Méndez Romeu na data 22/04/2016 14:36:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior** relativa ao recoñecemento do Xenocidio Armenio.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de abril, conmemorouse o 101 aniversario do Xenocidio Armenio, considerado o primeiro exterminio, cientificamente planificado, organizado e executado na historia contemporánea. Dende décadas, cada 24 de abril lembrese ao millón e medio de armenios masacrados pola Turquía do Imperio Otomán.

A data simboliza a decapitación estrutural do pobo armenio, que comezou na noite do 23 de abril 1915 e durante toda a madrugada do día 24, centos de intelectuais, profesionais liberais, relixiosos, e persoeiros destacados da sociedade armenia, foron desposuídos das súas casas, detidos e inmediatamente deportados para ser logo asasinados.

O inicio do xenocidio armenio, foi a posta en marcha dun plan para exterminar todo o pobo armenio do Imperio Otomán, planeado e dirixido por membros do Partido dos Mozos Turcos, cometendo un delito contra a humanidade coa deportación e execución de máis dun millón e medio de armenios, por mor da súa etnia e relixión.

Realizouse durante a Primeira Guerra Mundial entre 1915 e 1923. Despois de menos dun ano do fin da Primeira Guerra Mundial en 1918, as atrocidades



contra a poboación armenia foron retomadas entre 1920 e 1923, e unha vez máis os armenios foron vítimas de máis masacres e expulsións.

Máis dun millón foron deportados, desposuídos, secuestrado e torturados en 1915 e centos de miles foron masacrados no lugar. Moitos outros morreron de fame e epidemias nos campos de concentración.

A gran maioría da poboación foi desprazada de Armenia e da Anatolia cara a Siria. Milleiros foron enviados en caravanas cara ao deserto para morrer de fame e sede. Mulleres e nenos foron secuestrados e brutalmente abusados.

Máis de dez mil armenios en Turquía oriental escaparon cara á fronteira con Rusia levando unha existencia precaria como refuxiados.

A maioría dos veciños armenios en Constantinopla, a capital de Turquía, foron deportados.


En 1918, o réxime dos Mozos Turcos mantiña unha guerra no Cáucaso, onde preto de 1,8 millóns de armenios viviron baixo o dominio de Rusia. As forzas otomás avanzaron cara a Armenia do leste e do Acerbaixán, que tamén onde tamén realizando masacres sistemáticas contra o pobo armenio aumentando centos de miles de novas vítimas.

En 1923 as terras de Asia Menor e do histórico Oeste Armenia foi expurgada de toda a poboación Armenia.

A destrución das comunidades armenias nesta parte do mundo estaba completa. Toda a riqueza do pobo armenio foi expropiada, os armenios restantes foron vítimas de máis masacres e expulsións.

As autoridades turcas continúan negando e relativizando a existencia destes feitos.

Tras a Primeira Guerra Mundial, os tribunais da posguerra condenaron á morte a varios "mozos turcos" polo exterminio , baseándose en probas recollidas



polos militares turcos e probas elaboradas por países como Estados Unidos, Reino Unido ou propia Alemaña.

As fontes contemporáneas non deixan dúbidas sobre a barbarie cometida contra a poboación armenia.

Turquía sempre negou a existencia do xenocidio armenio, a pesar de toda a evidencia, argumentando que as mortes non responden a un plan de exterminio si non que eran o resultado de conflitos interétnicos, das enfermidades e da fame, producida durante o período confuso da Primeira Guerra Mundial.


Turquía minimiza deste xeito, as evidencias das atrocidades levadas a cabo, no xenocidio contra o pobo armenio.

A recorrencia dos xenocidios do século XX e principios do XXI, fan que o recoñecemento dos crimes e atrocidades cometidas polo Estado turco contra os armenios, sexa unha obriga urxente da comunidade internacional.

O xenocidio armenio foi recoñecido por organizacións como a ONU, afirmando que os feitos referidos, son un verdadeiro exterminio segundo a Convención das Nacións Unidas sobre a prevención e represión do Crime de Xenocidio, adoptada en decembro 1948.

A Unión Europea tamén ratificou a resolución do Parlamento Europeo de xuño 1987 e resolucións posteriores, 2002, 2004, 2005 e 2015 nas que o Parlamento Europeo solicitou a Turquía que recoñecera o xenocidio de máis dun millón de armenios nas mans do Imperio Otomán, cuxo aniversario cumpriu 100 anos o pasado 24 abril do 2015.

Son moitos os países que recoñecen o Xenocidio do pobo armenio; Alemaña, Bélxica, Holanda, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Lituania, Polonia, Eslovaquia, Suecia, Suíza, o Vaticano.



Tamén outros países non europeos; Arxentina, Canadá, Chile, Líbano, Rusia, Siria, Estados Unidos, Líbano, Rusia, Armenia, Canadá, Uruguai e Venezuela.

O Estado español non recoñeceu o xenocidio armenio, aínda que si o fixeron parlamentos autonómicos como o Parlamento de Navarra, o Parlamento Balear, o Parlamento vasco e o Parlamento de Cataluña.

O recoñecemento histórico dos crimes é necesario para que non sexan esquecidos en previsión da reincidencia, para poder curar as feridas que aínda persisten e causan unha relación tensa entre a Turquía e Armenia dificultando a reconstrución da paz.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de Lei** para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia recoñece o xenocidio armenio perpetrado por Turquía como un crime contra a humanidade e insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno do Estado, a recoñecer que os feitos acontecidos á poboación armenia entre 1915 e 1923, son un verdadeiro exterminio, segundo a Convención das Nacións Unidas sobre a prevención e represión do Crime de Xenocidio, adoptada en decembro 1948.
2. Instar ao Goberno do Estado para que solicite a Turquía o recoñecemento do xenocidio armenio, crime que ocorreu no seu territorio, como un xesto de boa vontade con Armenia, para mellorar as relacións entre os dous países no contexto da cultura da Alianza das Civilizacións.
3. Solicitar á Unión Europea o papel de mediador entre os estados de Turquía e Armenia para a superación definitiva do xenocidio armenio.”

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2016 13:33
Nº Rexistro: 49862
Data envío: 25/04/2016 13:33:43.276


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 25/04/2016 13:32:17



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Ricardo Vicente Docasar Docasar, José Luís Méndez Romeu, Emilio Vázquez Blanco, Carmen Gallego Calvar e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A semana pasada tivemos a oportunidade de visitar a localidade de Sedes, no concello de Narón, para coñecer “in situ” unha iniciativa certamente novidosa e innovadora do Foro Rural Galicián, que mereceu o noso interese e atención, e de aí o sentido desta iniciativa que hoxe presenta este grupo parlamentario.

Nesa visita, na que estivemos acompañados tamén pola voceira municipal do noso grupo en Narón, fomos informados da singular historia desa escola de Sedes, que fora construída grazas ao empeño dun veciño do lugar (Francisco Sabín Teijeiro) que emigrara a Cuba, e coa condición de que fora destinada á formación das nenas da dita parroquia.

A ningún se lle escapa que o deterioro da educación no rural camiña en paralelo ao proceso de desmantelamento que está a padecer o rural no seu conxunto, do mesmo xeito que o potencial que a escola podería exercer como dinamizadora do rural non está sendo potenciado como debe dende a política.

Entendemos que esta cuestión debería integrarse nun proxecto máis global de desenvolvemento do rural en todas as súas facetas, e por iso falamos sempre da necesidade dun tratamento axeitado de discriminación positiva e unha planificación que fóra máis alá dunha soa consellería, xa que educación en solitario non pode abordar un problema deste calado.

Trataríase de levar adiante un proxecto global baseado na ocupación racional do territorio co fin de conseguir asentar poboación no rural, e co gallo de acadar un equilibrio social, territorial, educativo, cultural e económico que antepuxera a necesidade vital de pervivencia digna do rural e das súas xentes ás meras

Grupo Parlamentario

cuestións economicistas e curtoplacistas, e co fin de conseguir unha educación cos mesmos parámetros de calidade que os que teñen as xentes que viven nas nosas cidades.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nese proxecto de dinamización do rural sería primordial eliminar a fenda dixital existente entre os centros das cidades e os centros do rural, conseguir que os nenos e nenas das nosas escolas rurais reciban as súas clases nos niveis que lles corresponden pola súa idade e curso, garantir unha mesma calidade de ensino co persoal especialista necesario, con equipamentos didácticos dignos e cuns servizos complementarios de transporte escolar e comedor acordes ás necesidades dos tempos de hoxe.

Entende o Grupo Socialista que, fronte á primacía do criterio económico curtopracista que afonda no desequilibrio territorial, cómpre primar os dereitos dos nenos e nenas a recibir unha atención educativa no seu medio durante as primeiras etapas como forma de dignificar o mundo rural e evitar o seu despoboamento, pois non haberá desenvolvemento rural se non hai un cambio nas actitudes do conxunto da poboación.

Non conseguiremos ocupar razoablemente o noso territorio sen protexer o noso sector agrogandeiro e forestal, sen garantir en igualdade de condicións os servizos públicos esenciais de educación, sanidade e atención ás persoas maiores.

Entendemos pois que este asunto ben merece a nosa preocupación e posterior ocupación, e por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha na Escola Rural de Sedes (Narón) un programa experimental de educación infantil, e conciliación laboral e familiar integrado para a etapa 0-6 anos.

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 25/04/2016 16:40:28

Jose Luis Méndez Romeu na data 25/04/2016 16:40:43

Emilio Vázquez Blanco na data 25/04/2016 16:41:05

Carmen Gallego Calvar na data 25/04/2016 16:41:14

María Concepción Burgo López na data 25/04/2016 16:41:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Cosme Pombo Rodríguez** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación dos traballadores da empresa LINORSA, adxudicataria do servizo de limpeza de numerosos centros escolares en Toda Galiza.

A empresa LINORSA (Limpiezas del Noroeste, SA) ten a concesión do servizo de limpeza de varios centros públicos de ensino ubicados nos concellos de Boimorto, Frades, Trazo, a Baña e Touro.

As traballadoras e Traballadores de LINORSA levan moito tempo denunciando que a empresa, concesionaria da limpeza dos colexios, non lles abona unha parte importante dos seus salarios.

Diante desta situación, os comités de empresa de LINORSA decidiron convocar mobilizacións á vista dos reiterados impagos de salarios por parte da empresa e para reclamar a implicación da administración pública á hora de garantir os dereitos sociolaborais dos/as traballadores/as.

Tamén a CIG se dirixiu á consellería de educación reclamando a súa implicación, diante do impago de nóminas e das débedas da empresa LINORSA cos/as seus/súas traballadoras/es. Esta central sindical ven denunciando as débedas da empresa cos/as traballadores/as e o agravamento da situación polo recente embargo de máis de millón e medio euros por parte da Axencia Tributaria. Mesmo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegou a reclamar, xunto coas demais centrais representativas, a rescisión das contratas a LINORSA para que non siga acumulando a súa débeda cos/as traballadores/as, e para posibilitar o rescate do servizo por parte doutras empresas que poderían facerse cargos do servizo de limpeza e máis pagar aos/ás seus/súas traballadores/as.

O Grupo Parlamentar do BNG comparte as reclamacións das traballadoras/es e dos seus lexítimos representantes diante do incumprimento dos dereitos laborais por parte dunha empresa concesionario de servizos de limpeza dunha administración pública.

Para o Grupo Parlamentar do BNG, non é de recibo a pasividade da Consellería de Educación diante desta empresa que recibe cartos da administración pública mais que incumpre a lexislación laboral ao non abonarlle os salarios, en tempo e forma, aos/ás traballadores/as.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para:

1.- Reclamar da empresa LINORSA o cumprimento da lexislación vixente e o abono dos salarios adebedados aos/ás seus/súas traballadores/as que están a traballar no servizo de limpeza dos centros de ensino

2.- Se non son abonados a totalidade dos salarios adebedados, rescindir os contratos de limpeza dos centros de ensino públicos coa empresa LINORSA para



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poder rescatar a concesión.”

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2016

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

María Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/04/2016 18:13:02

María Monserrat Prado Cores na data 25/04/2016 18:13:10

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/04/2016 18:13:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Xosé Manuel Beiras Torrado e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei**, para o seu debate en **Comisión**, relativa ás dotacións e infraestruturas necesarias para o CEIP Luís Pimentel de Lugo.

O CEIP Luís Pimentel de Lugo é un dos centros de Galicia cunha matrícula das máis elevadas e o primeiro en número de alumnos e alumnas escolarizados de toda a provincia de Lugo. Ó centro acoden cada día 675 nenos e nenas repartidos en tres liñas educativas a pesares de seren concibido en orixe, como un colexio de dúas únicas liñas.

Estamos a falar polo tanto, dun centro educativo situado nun barrio popular da periferia de Lugo, cuxa demanda de prazas obrigou a aproveitar os espazos dispoñibles en detrimento de aulas e espazos comúns de uso xeral, incumprindo na actualidade a normativa vixente en materia de instalacións educativas.

Como consecuencia desta deriva, a etapa educativa de Educación infantil sofre carencias nas súas dotacións que repercuten negativamente no axeitado desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe. Os cursos de Educación Infantil impártense repartidos en edificios separados entre si preto de 40 metros, acollendo un deles o curso de 3 anos de Educación Infantil e

compartindo espazo no outro, os nenos e nenas de 4 e 5 anos e os cursos de 1º e 2º de Educación Primaria.

O patio de recreo para toda a etapa infantil atópase no edificio de 3 anos, polo que tódolos días os nenos/as de de 4 e 5 anos teñen que percorrer a distancia existente entre os dous edificios. Cando as circunstancias meteorolóxicas non o permiten, os alumnos de 4 e 5 anos quedan nas aulas e non saen ao patio.

A distancia existente entre os edificios de infantil implica ademais que o alumnado teña que atravesar diariamente os patios de recreo, con escaleiras, desniveis e chanzos, o que provoca non poucas caídas e perdas de tempo de horario lectivo ou de recreo.

O edificio de educación infantil para 3 anos non ten os baños de nenos/as dentro das aulas, incumprindo manifestamente a normativa.

Mais ás carencias e dificultades descritas e específicas para a etapa de Educación Infantil, engádense outras que tamén deben ser atendidas e contempladas nun plan de investimentos plurianual que permita dar una resposta progresiva e axeitada ás demandas formuladas pola comunidade Educativa deste centro.

A programación Xeral Anual (PXA) vixente constata algunhas das principais necesidades do centro, que pasan por contar cun salón de actos, dispor dun segundo ximnasio, contar con espazos cubertos para Educación Infantil, mellorar a accesibilidade e reparar os patios e pistas deportivas, cubrir os piares do patio de EI, completar a dotación da aula de informática e poñer a disposición ordenadores para o alumnado, renovación do mobiliario do alumnado das aulas de 3º e 4º de Educación Primaria, mellorar e completar o cerramento exterior do centro etc..

Para atender as demandas e necesidades descritas, e atendendo ás prioridades educativas do centro, resulta imprescindible construír un novo edificio de Educación Infantil para que, substituíndo a pequena construción existente, garanta un ensino de calidade para os nenos desta etapa e de paso, poña a disposición de todo o centro novos e mellores espazos educativos e libere áreas do centro actualmente masificadas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Construír un novo edificio de Educación Infantil no CEIP Luís Pimentel de Lugo, que permita acoller as aulas desta etapa educativa e habilitar novos espazos de uso común para todo o centro.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/04/2016 11:13:08

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/04/2016 11:12:35

Ramón Vázquez Díaz na data 26/04/2016 11:12:26

Eva Solla Fernández na data 26/04/2016 11:12:42

Anton Sánchez García na data 26/04/2016 11:13:16

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/04/2016 11:13:23

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa da súa deputada e portavoz suplente **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé M. Beiras Torrado**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión, relacionada coa emisión de contidos tauromáquicos en televisión española.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As touradas son un espectáculo bárbaro baseado no escarnio, tortura e morte dunha serie de animais nun espazo enfervorecido polo maltrato e morte de bóvidos como suposta política cultural.

A decisión da corporación RTVE de retornar coas emisións televisadas de eventos tauromáquicos no ano 2013 supón, unha vez máis, un intento de adoutramento nun espectáculo de violencia que apoloxiza sobre a crueldade animal como se fora xustificable realizar toda clase de torturas a un touro mentras o corpus lexislativo prohibe de xeito expreso que tales actos se practiquen con outras especies animais.

O interese taurino de Televisión Española choca gravemente coas disposicións estatais e europeas de protección á infancia nos contidos audiovisuais, xa que nas directivas comunitarias coñecidas popularmente como 'Televisión Sen Fronteiras' advírtese da necesidade de que os poderes públicos alonxen ás persoas menores de idade daquelas emisións ou contidos que fagan gala da violencia, sexa real ou ficción, como podería ser o maltrato dun animal por parte de banderilleiros, picadores e toureiros.

Mesmo no noso país as anteriores retransmisións taurinos alcanzan niveis de seguimento mínimos, amosando que as galegas e os galegos non queren touradas

nin tampouco que se lles force esta clase de cuestións nunha televisión pública, que estaría chamada por outra banda, a fomentar a verdadeira cultura e a programación con maior carácter pedagóxico que un touro vomitando sangue no medio da area.

O propio Comité dos Dereitos do Neno ratificou ata varias ocasións que a presenza de nenas e nenos como espectadores, e mesmo participantes, en eventos de carácter taurino expuña aos mesmos a unha violencia que debería ser evitable. Estas advertencias do organismo especializado das Nacións Unidas veñen impulsadas pola participación de entidades como Fondation Franz Weber nas audicións do Comité e no traslado de contextos de perigo para as persoas menores de idade. Esta entidade europea tamén ten colaborado no noso país e na cámara ao respecto desta mesma situación.

A campaña Infancia Sen Violencia, na que toman parte a FFW e a plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas tamén foi quen de acadar unha importante unanimidade parlamentar na aprobación dunha Proposición non de lei que instaba á Xunta a impedir a entrada de persoas menores de 12 anos a eventos taurinos. Un veto do que todavía non se sabe nada na normativa pero que subliña a oposición política que esperta a participación de nenas e nenos da tauromaquia como espectadores e que ten fácil traslación á proposta para finalizar as emisións en TVE.

As enquisas realizadas nos últimos anos e os estudos que o propio Ministerio de Cultura elabora ao redor da tauromaquia evidencian que Galiza non ten, nin terá, interese pola morte cruenta dun animal. O último destes sondeos, referente ao periodo 2014-2015 reflexa que tan só o 0,3% da poboación asistiu a un evento taurino no país, unha cifra 'ultraminoritaria' que sen embargo continúa a contar cun importante apoio político e económico das elites deste país.

Alternativa Galega de Esquerda ven trasladando tamén nos últimos anos a preocupación pola emisión de este tipo de contidos na televisión pública española, sen que se teña tomado ningún tipo de medida ao respecto.

O Parlamento de Galicia ten capacidade suficiente para amosar o rexeitamento a que Televisión Española faga da súa programación audiovisual un formato de apoloxía e defensa das touradas, así como demandar á dirección da corporación que existan medidas de desconexión perante o rexeitamento que as galegas e galegos fan dun acto salvaxe e violento.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Adoptar as medidas legais e institucionais necesarias para que non sexan emitidas touradas nin contidos taurinos no sinal galego de TVE durante o horario de protección infantil.
- 2.- Substituír estas emisións por contidos pedagóxicos ou educativos centrados en especial nas franxas de idade máis mozas.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/04/2016 11:41:26

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/04/2016 11:41:35

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 26/04/2016 11:41:41

Ramón Vázquez Díaz na data 26/04/2016 11:41:47

Anton Sánchez García na data 26/04/2016 11:41:53

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/04/2016 11:42:00



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa aos servizos da Escola Infantil “Galiña Azul” de Coirós.

“As escolas infantís da Rede A Galiña Azul están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos. Trátase dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral.” Esta entrada da web de "Escolas Infantís de Galicia" da paso á relación de escolas infantís entre as que tamén se atopa a escola infantil de Coirós.

Pola contra, desde a apertura da escola de Coirós en setembro de 2012 fóronse reducindo os seus servizos dificultando cada día máis esa desexada conciliación da vida familiar e laboral e poñendo en cuestión a calidade deste servizo educativo/asistencial. Esta situación é consecuencia dos múltiples recortes que se están a realizar nos servizos públicos en xeral e nos asistenciais/educativos en particular.

O mes de marzo, habilitado para a realización das preinscricións, supuxo un enorme trastorno para as crianzas e as súas familias pola escaseza de persoal. Durante ese período en varios momentos só unha persoa estaba coas nenas e nenos mentres as outras dúas atendían cuestións administrativas e de dirección. Esta situación chegou a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

motivar estrés e desacougo nos nenos e nenas que incluso manifestaron desagrado por acudir á escola cando nunca antes o fixeran.

O horario ofertado (de 8:30 a 15:30) dificulta a conciliación cós horarios laborais da maioría dos pais e nais e pode provocar que moitas familias desboten esta escola por non adaptarse ás súas necesidades. Durante as preinscricións tampouco se deu unha información adecuada para que as persoas solicitantes detallaran o horario que lles interesaba. A maiores, na actualidade as familias abonan unha xornada completa cando en realidade non poden dispoñer dela.

A falta de persoal de apoio e que funcione como unha escola unitaria imposibilita un verdadeiro labor educativo e de realización de actividades no exterior, ao estar ocupado o persoal con tarefas de alimentación, aseo, dirección ou administración.

É un feito constatado que en Coirós existe poboación susceptible de ser usuaria deste servizo público. Mais tamén é evidente que son moitas as familias que buscan outras alternativas por estes problemas. É ilustrativo que no ano 2014 en Coirós fosen concedidas axudas por nacemento de crianzas a 13 familias e en 2015 a 22 e que na escola infantil, a día de hoxe, só haxa 3 bebés.

Por todas estas razóns formúlase a seguinte Proposición non de lei para debate en Comisión, relativa aos servizos da Escola Infantil “Galiña Azul” de Coirós:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a realizar as seguintes melloras na Escola Infantil A Galiña Azul de Coirós:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Ampliar o horario do centro a un mínimo de 8 horas, establecendo o horario entre as 8:00 e as 16:00h., dado que é o horario demandado maioritariamente polas nais e pais.

2.- Aumentar o persoal de apoio ás persoas educadoras coa dotación dunha Persoa encargada dos Servizos Xerais.

2.- Garantir a continuidade do persoal educativo nos labores que lle son propios para evitar trastornos no funcionamento xeral da escola e na tranquilidade e benestar das crianzas.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 26/04/2016 13:32:33

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 26/04/2016 13:32:39

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado e Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, sobre a posta en marcha das revalidas de 3º e 6º de Educación Primaria establecidas pola LOMCE e asumidas polo Goberno Galego.

A LOMCE foi a lei de educación que levantou máis controversia e oposición social das aprobadas na historia do noso país. Unha lei que o Partido Popular aprobou en solitario, en contra de todas as organizacións sociais e políticas, fronte a toda a comunidade educativa e co rexeitamento xeneralizado de toda a sociedade civil.

Pola súa banda, o Goberno galego está a facer un exercicio lamentable de seguidismo das políticas do Goberno central, renunciando a exercer as súas competencias en materia educativa e asumindo de forma submisiva o contido literal da LOMCE.

Foron varias as Comunidades Autónomas que presentaron recurso de inconstitucionalidade e, mesmo outras, coma o País Vasco, asinaron un acordo bilateral co Goberno do Estado establecendo modificacións na aplicación da LOMCE en materias tan importantes como a lingua ou as funcións dos Consellos Escolares.

Pola contra, e ata o día de hoxe, foron numerosos os decretos de desenvolvemento da LOMCE aprobados en Galicia, algúns mesmo empeoran o

propio marco normativo antipedagógico desta Lei Orgánica convertendo ao Goberno galego nun alumno aplicado do ex-ministro Wert.

Se hai unha mostra do carácter determinista, competitivo e discriminatorio da LOMCE, esa é sen dúbida o establecemento das sucesivas reválidas impostas dende idades temperás. A LOMCE establece un modelo educativo baseado nunha carreira de obstáculos dirixida a cribar e seleccionar o alumnado máis capacitado mediante sucesivas probas de avaliación externa, coas que clasificar e seleccionar tanto ao alumnado como aos propios centros de ensino.

Dentro deste enfoque, e durante o ensino obrigatorio, ademais da avaliación continua realizada nos centros, o alumnado pode chegar a realizar 8 probas externas entre as nacionais e as internacionais: a revalida de 3º, a revalida de 6º, a reválida de 4º da ESO, o PISA, o PIRLS, o TIMSS, o ICCS e o EECL. Estamos diante dunha obsesión avaliadora que, unida ao sistemático proceso de recorte orzamentario e de recursos aplicado no ensino público nos últimos anos, coloca o Sistema Educativo nunha situación de dificultades crecentes.

O Goberno galego vén de anunciar a realización das reválidas de 6º de Educación Primaria que, unidas ás de 3º de Educación Primaria, xa aplicadas o curso pasado, someterá a 44.000 nenos e nenas galegas a unha proba estandarizada, sen fins educativos, cuxos resultados non van formar parte do expediente académico e que servirán unicamente para comparar o rendemento do alumnado de diferentes centros. Redúcese deste xeito a avaliación educativa a un exercicio de comparación estandarizada, de medición de rendementos, de ranking escolar co que certificar o éxito ou o fracaso do alumnado e das escolas.

Dende Alternativa Galega de Esquerda consideramos que someter a nenos e nenas dende os 7 e 8 anos, a probas estandarizadas, supón unha medida antipedagóxica e carente de fins educativos, mais aló de fomentar a mera competitividade entre o alumnado e os centros educativos que, ademais, causa un estrés e un esforzo innecesarios.

Desprézase coas reválidas o traballo diario dos e das docentes nos centro educativos onde sistematicamente se realiza unha avaliación formativa desdobrada en tres fases fundamentais:

- a) Avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado diante de cada proceso de ensino aprendizaxe.
- b) Avaliación continua para detectar as dificultades existentes no proceso de ensino aprendizaxe e realizar os axustes necesarios no mesmo.
- c) Avaliación final para coñecer os resultados e consecución dos obxectivos propostos para cada unidade didáctica e nivel educativo.

A psicoloxía, a pedagogía e a didáctica teñen xa demostrado dende hai tempo que a avaliación debe ser continua e dirixida a reconducir o axeitado desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe. A avaliación continua, partindo da avaliación inicial, permite facer os axustes precisos para garantir o correcto desenvolvemento académico e persoal do alumnado, así como, o deseño de medidas de reforzo e apoio para aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades de aprendizaxe concretas ou xeralizadas. Unha avaliación globalizada que abrangue non só os saberes do alumnado senón a adecuación dos contidos e dos obxectivos, as metodoloxías e os materias empregados, etc. Unha avaliación que mesmo avalía o propio proceso de avaliación.

Estes deben ser os fins da educación e non someter ó noso sistema educativo á ditadura de informes que, como o informe Pisa da OCDE, fai medicións dirixidas , condicionadas e con frecuencia descontextualizadas da realidade obxecto de avaliación.

A Resolución de 30 de marzo de 2016 pola que o Ministerio de Educación e Ciencia define os “cuestionarios de contexto” e os “indicadores comúns” para as reválidas de 6º de Primaria de todas as Comunidades do Estado, ditando preguntas

para as familias, os centros e o alumnado, profundamente sesgadas e dirixidas a confirmar hipóteses previamente establecidas, abordando incluso cuestións do ámbito da intimidade familiar.

O custe das reválidas galegas, estimado en máis de 200.000 euros, supón un desbaratamento de recursos públicos nunhas probas que non van achegar información relevante para os nenos, as nenas e as súas familias.

Os centros educativos, dentro do modelo de avaliación formativa, remiten información periódica ás familias sobre a evolución do alumnado nos procesos de ensino aprendizaxe e manteñen xuntanzas coas familias para achegar e obter información de relevancia, que poda afectar ao progreso académico e persoal dos rapaces e rapazas.

As familias xa amosaron o curso pasado o seu frontal rexeitamento ás reválidas non enviando as seus fillos á escola o día da celebración das mesmas, a pesar das dificultades que este feito implica. As confederacións de ANPAS e os representantes do profesorado tamén manifestaron xa a súa oposición a estas reválidas antipedagóxicas.

Alternativa Galega de Esquerda apoia e entende calquera forma de oposición e boicot ás reválidas como forma de salvagardar a función esencial da escola, educadora e inclusiva.

O Congreso dos Deputados vén de aprobar a paralización do desenvolvemento normativo da LOMCE, o que implica deter a aplicación das reválidas. Ademais, once comunidades autónomas ausentáronse da Xuntanza Técnica preparatoria das devanditas reválidas, convocada polo MEC o pasado 21 de Abril. O afán do Goberno galego por manter as Reválidas contra todo e contra todos supón unha temeridade pedagóxica, organizativa, económica e administrativa sen sentido algún.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a:

Paralizar a aplicación das revalidas de 3º e 6º de Educación Primaria previstas para este curso e achegar os recursos precisos para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións presentes nas aulas galegas, incluíndo a avaliación continua do alumnado e o deseño das correspondentes medidas de atención á diversidade.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/04/2016 13:18:55

Ramón Vázquez Díaz na data 26/04/2016 13:18:11

Eva Solla Fernández na data 26/04/2016 13:19:02

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/04/2016 13:18:19

Anton Sánchez García na data 26/04/2016 13:18:28

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 26/04/2016 13:18:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando a Xunta de Galicia a regularizar e renovar a composición dos membros do Consello de Administración da Autoridade portuaria de Vigo.

No Diario Oficial de Galicia número 217, de data 11.11.2010, publicouse a Orde do 29 de outubro de 2010, polo que se dispón o nomeamento de vogais do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo.

En dita Orde, en base ao acordo do Consello da Xunta do día 16.09.2010, polo que se dispón o nomeamento de vogais do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo. En dita Orde, en base ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16/09/2010 de modificación da composición do Consello de Administración das Autoridade Portuarias de portos de interese xeral do Estado, situados na comunidade autónoma galega para adaptalos ao disposto na Lei 33/2010, do 5 de agosto, facultouse a persoa titular da Consellería competente en materia de portos para a designación e separación dos vogais que compoñen o Consello de Administración destas autoridades portuarias.

Encontrándonos que no consello de administración da Autoridade portuaria de Vigo non se ten levado a cabo esta alternancia de nomeamentos e xa van alá máis de cinco anos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a súa tramitación en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regularizar e renovar a composición dos membros do Consello de Administración da Autoridade portuaria de Vigo.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 26/04/2016 13:53:12

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 26/04/2016 13:53:17



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á demandar da Xunta de Galiza medidas para impulsar a renovación da flota de pesca de altura e gran altura.

As graves carencias de poder político propio que padece Galiza teñen repercusións prácticas, negativas, nos ámbitos máis diversos. O penúltimo na renovación da nosa flota pesqueira. Unha flota que no caso de altura e gran altura alcanza unha media de idade superior ao 30 anos e que precisa a súa renovación ou acabarán apodrecendo e afundíndose nos mares. Aquí exemplifícase a capacidade de interlocución dos distintos gobernos autonómicos podendo apreciar que mentres determinadas flotas do Estado español non só renovan as súas unidades se non que incluso chegan a poder conquistar novas construción nun total de 21.000 GT aportando baixas de calquera segmento, xustificándoas na rendibilidade e nas particularidades desta flota.

Mentres isto sucede nesta Cámara son rexeitadas iniciativas que solicitan o mesmo trato para a flota galega asístimos como os armadores galegos denuncian esta situación e demandan non retrasar por maior tempo a renovación da obsoleta flota de altura e gran altura. E para elo esgrimen unha serie de medidas, entre elas demandan por en funcionamento o actual *tax lease* de xeito que a construción de barcos de pesca teña as mesmas deducións fiscais que se aplican a ferris, remolcadores de altura e buques de apoio a plataformas petrolíferas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E para elo incluso son quen de comprometerse a deseñar un modelo do futuro que teña en conta todas as medidas restritivas que diseña a UE para expulsar da actividade a nosa flota: prohibición de poder pescar determinadas especies, en determinadas profundidades, aplicación dos descartes, escasas cotas, control rigorosos das descargas, etc.

Polo tanto dado a problemática que está a sufrir a nosa flota compre tomar medidas e aportar solucións se queremos manter as nosas expectativas de seguir pescando no futuro

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego á demandar do Estado español as seguintes medidas para impulsar a renovación da flota galega de altura e gran altura.

1.- Esixir as mesmas condicións dun marco de excepcionalidade da flota de arrastre de gran altura e altura que a do cerco conxelador, que facilite a renovación das unidades operativas e poder contar coas melloras que ofrecen os rexistros especiais.

2.- Solicitar a aplicación do *tax lease* para a construción de barcos de pesca de xeito que teña as mesmas deducións fiscais que se aplican a outro tipo de construcións.

3.- Establecer un convenio de colaboración coas organizacións de armadores e a universidade para deseñar un prototipo que responda as demandas do sector e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprometer un plan de nova construción en estaleiros estatais que permita a actividade e o emprego nos próximos anos.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 26/04/2016 13:00:35

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 26/04/2016 13:00:41

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputados, **Noela Blanco Rodríguez, Carmen Acuña Docampo, María Quintas Álvarez, Carmen Gallego Calva e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo as informacións das que dispoñemos, o Sergas pretende desmantelar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de cociña tradicional, para implantar un modelo privatizado denominado de “liña fría”. Este cambio suporía que se cociñaría unha soa vez á semana, para arrefriar esta comida despois gardándoa en bandexas nunha cámara de conservación a menos de 4 graos sen conxelar, para posteriormente requentala no momento de servila.

Non existe neste momento unha demanda para reverter agora o modelo de cociñas, máis ben todo o contrario, este modelo xa se implantou no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo provocando numerosas queixas dos usuarios e usuarias e do persoal sanitario. Segundo teñen denunciado dende a implantación deste servizo no novo hospital privado de Vigo posto en marcha polo Goberno do PP, a comida que se lles está servindo aos doentes chega fría ou queimada, a regulación do sistema falla, e o estándar de calidade sobre os niveis coñecidos ata o de agora baixaron.

Ademais da diminución na calidade que suporía a privatización deste servizo, incrementárase o custe do mesmo, e poñeríase en risco os postos de traballo do persoal que na actualidade se ocupa destas tarefas.

Tendo en conta o anteriormente mencionado, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1 Garantir que se manteña o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense nas condicións de prestación actuais, polo que non será substituído en ningún caso por un modelo privatizado de “liña fría”.

2 Asegurar o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente presta os seus servizos na cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Raul Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 26/04/2016 17:56:32

María del Carmen Acuña do Campo na data 26/04/2016 17:56:39

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 26/04/2016 17:56:46

Carmen Gallego Calvar na data 26/04/2016 17:56:53

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2016 17:56:59

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/04/2016 17:57:05

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Carmen Gallego Calvar, José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A través de documento do Ministerio da Presidencia do Goberno en funcións de España, coñecemos, en data do 12 de abril do presente ano, que por acordo entre o Goberno galego e o Goberno estatal en funcións se modifica o FCI da anualidade de 2016, relativo a "autoestradas, autovías e estradas", por importe de 11.051.015 euros.

Esta modificación supón que se detraen fondos de partidas específicas que tiñan consignación orzamentaria, con nome e apelidos, a outras actuacións e nalgún caso as actuacións das que se detrae o diñeiro se quedan a cero, é dicir, sen posibilidade real de executar ningún investimento este ano.

Sucede así co epígrafe de mellora da seguridade viaria, que continúa 4,3 millóns de euros ou coa VAC Tui - A Guarda Tramo I, que estaba consignada con 3,6 millóns de euros. A meirande parte deste orzamento se dedica ao desdobramento do Corredor de O Morrazo, algo máis de 8 millóns de euros.

O Grupo Parlamentario Socialista non dubida da necesidade de desdobrar o corredor de O Morrazo, é máis, ao longo dos anos de Goberno de Feijoo denunciámos en múltiples ocasións os intolerables atrasos e a chapuza administrativa na que o Goberno do Partido Popular converteu a adxudicación das obras de desdobramento desta vía, chegando a quedar deserto o concurso, e posteriormente adxudicado por tramos.

O que nos parece intolerable é que dúas actuacións imprescindibles para a mobilidade das persoas e para crear e potenciar as sinerxias da economía na

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

área metropolitana de Vigo, se teñan atrasado na súa execución de xeito reiterado e agora se acabe por "desvestir un santo para vestir outro", con este traspaso de fondos de unha para a outra, condenando aos cidadáns e cidadás do Baixo Miño a tampouco rematar este ano unha actuación demorada unicamente por falla de vontade política do Goberno de Núñez Feijoo.

No caso da VAC Tui - A Guarda, hai ademais unha dimensión que é necesario considerar no planeamento de infraestrutura de transporte no Baixo Miño, a dimensión transfronteiriza, entre Tui e A Guarda, hai dúas conexións terrestres con Portugal, con Valença e Vila Nova da Cerveira. Estas conexións internacionais deberían de ter unha axeitada conectividade coa rede galega de estradas. Lamentablemente, este é un agravio máis fronte as propias relacións económicas e sociais entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a modificar os orzamentos de Galicia e demandar, si é preciso, axuda do Goberno do Estado, para consignar unha partida orzamentaria neste ano 2016 para a construción da VAC Tui – A Guarda cando menos igual a que tiña antes desta modificación do FCI.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 26/04/2016 19:32:13

José Manuel Gallego Lomba na data 26/04/2016 19:32:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/04/2016 19:32:36

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2016 19:32:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2016 19:32:58

José Antonio Sánchez Bugallo na data 26/04/2016 19:33:03

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/04/2016 19:33:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso e Xosé Manuel Beiras Torrado** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para a seu debate en Comisión**, sobre a instalación de cámaras de vídeo vixilancia nos centros de ensino de Galicia.

O Goberno galego leva anos decantándose por unha visión securitaria, condutista e punitiva da educación, en lugar de avanzar cara a un modelo de ensino-aprendizaxe construtivista, estimulante e significativo que recolla as principais achegas da ciencia pedagóxica.

A denominada Lei da Convivencia Escolar de Galicia foi un chanzo máis nesta deriva retrógrada do ensino, baseado no establecemento dun réxime estrito de sancións e castigos sen afondar nas variables psicolóxicas, sociais, culturais e persoais que condicionan a evolución e o aproveitamento dos procesos de ensino e aprendizaxe, nunhas aulas cada día máis plurais e diversas ao igual que as sociedades nas que se atopan inmersas.

O desmantelamento dos Observatorios da Convivencia Escolar e dos recursos para dar unha axeitada resposta á diversidade de intereses, capacidades, ritmos e intereses presentes nas aulas, non foi máis que unha concreción deste enfoque educativo.

A supresión de profesorado e o incremento de horario e materias a impartir mediante o abuso das afíns, implicou un severo recorte das horas adicadas a fornecer apoios educativos, desdobres e á coordinación e planificación de actividades compensatorias ou dinamizadoras do aprendizaxe.

Os recursos para a atención á diversidade foron substituídos por unha ringleira de protocolos e plans de actuación baleiros de contido para saír ao paso das denuncias ou acontecementos publicados nos medios de comunicación. Así, apareceu un protocolo contra o acoso escolar, un protocolo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria, protocolo para o alumnado con Trastorno do Espectro de Autismo (TEA) , protocolo de protección dos datos dos menores, e un longo etcétera.

En datas recentes, coñecía-se a intención do Goberno galego de instalar cámaras de vídeo vixilancia nos centros de ensino para previr o acoso escolar. Todo un paradoxo, tentar mellorar a convivencia dos cetros educativos con cámaras de seguridade. Como previr o acoso escolar con cámaras?. Poden as cámaras de seguridade impedir o bloqueo social? Poden as cámaras de seguridade impedir a difusión de rumores?. Poden as cámaras de seguridade favorecer que se compartan xogos e espazos?. Pode unha cámara de seguridade propiciar unha mostra de apoio ou un xesto de simpatía entre dous rapaces ou rapazas?. Pode unha cámara de seguridade impedir o ciberacoso?. Pode unha cámara evitar que un neno ou unha nena sexa ignorado ou excluído?. Pode unha cámara de seguridade evitar todas as formas de acoso indirecto e ás veces sutil que se agocha detrás de condutas imposibles de rexistrar en imaxes? Pode, en definitiva, unha cámara de seguridade propiciar condutas de empatía,

desenvolver aprendizaxes sociais, favorecer unha educación emocional equilibrada?.
A resposta é non.

Como moito, unha cámara de seguridade pode provocar que se despracen de lugar determinadas agresións físicas, que pasarán a realizarse fóra do recinto escolar ou en lugares onde non podan ser recollidas polas cámaras de vixilancia. Invístese deste xeito unha importante cantidade de diñeiro público en cámaras de seguridade, en lugar de activar mecanismos pedagóxicos que permitan educar na empatía, na solidariedade e desenvolver técnicas para a resolución de conflitos. Insístese nun modelo educativo superado, controlador e punitivo, en lugar de centrarse na prevención e na educación en valores.

Adóptase unha solución tecnolóxica, mais nunca se produce un pronunciamento sobre os valores hexemónicos na nosa sociedade, onde a competitividade, a violencia, a agresividade, o culto á vitoria a calquera prezo, o individualismo e a segregación, forman unha parte inseparable da nosa cultura, do noso ocio e mesmo das nosas leis educativas. Recortar en docentes para investir en cámaras de seguridade e á antítese da lóxica educativa. Substituír aos mestres por cámaras de vixilancia para mellorar o clima pedagóxico e de convivencia dos centros educativos, é tan aberrante como pouco efectivo. Demorar os recursos e actuacións necesarias para previr o acoso escolar con medidas carentes de eficacia, atenta ademais contra os dereitos fundamentais do alumnado, a quen se lle debe garantir un entorno educativo seguro e un clima escolar de confianza.

As ANPAS e asociacións de directores de centros públicos teñen manifestado a súa oposición a esta medida antipedagóxica polo que cómpre unha rectificación que salvagarde de xeito efectivo os dereitos e o desenvolvemento integral dos nenos e nenas galegas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a:

1. Deter o protocolo de protección de datos no referido ás medidas dirixidas a instalar cámaras de vídeo vixilancia e seguridade nos centros educativos.
2. Achegar os recursos precisos para atender a diversidade presente nas aulas galegas, os diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións existentes e as diversas situacións e contextos de aprendizaxe, incluíndose neste ámbito, o establecemento de medios, metodoloxías e formación, para dar unha resposta efectiva ás necesidades educativas específicas implicadas nos casos de acoso escolar.
3. Recuperar os cadros de persoal docente, incluído o profesorado especialista implicado na atención á diversidade, a rede de orientación e os equipos específicos de orientación, para artellar medidas dirixidas e previr e actuar sobre os casos de acoso escolar.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/04/2016 19:37:53

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 26/04/2016 19:38:07

Ramón Vázquez Díaz na data 26/04/2016 19:37:43

Eva Solla Fernández na data 26/04/2016 19:38:00

Anton Sánchez García na data 26/04/2016 19:38:17

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/04/2016 19:38:26



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás previsións da Consellería para a ampliación do CEIP Lamas de Abade.

O pasado mes de febreiro a ANPA da Escola Infantil Raiola, xunto coa súa directiva e consensuadamente coa ANPA do CEIP Lamas de Abade, coas asociacións de veciños de Angrois, O Eixo, Marrozos e O Castiñeiriño, ante a carencia de prazas para primeiro de primaria no CEIP de Lamas de Abade para o curso 2016/17, iniciaron unha reclamación pública para que este CEIP fose ampliado cunha terceira liña educativa para todos seus cursos de primaria; esta nova liña esixe unha remodelación urxente do centro para integrar unha nova aula no vindeiro curso 2016-17 e a necesidade de planificar con urxencia a ampliación de novas aulas e espazos, en condicións axeitadas, para o curso 2017-18 e seguintes.

O Grupo Parlamentar do BNG, diante da insuficiencia de prazas escolares públicas, de primaria, na zona sur de Compostela interpelou ao Goberno galego sobre a solución que contemplaba para garantir as prazas públicas suficientes para a demanda real existente.

Segundo a contestación do Goberno galego a solución acordada:

1º.- Fica supeditada á resolución por parte do Concello do desaloxo dunha vivenda integrada no edificio da escola, actualmente ocupada por persoas alleas ao



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centro.

2º.- Fica supeditada a un futuro proxecto de ampliación do CEIP Lamas de Abade, a efectuar para o curso 2018/19.

3º.- Provocará, o vindeiro curso, a repetición da situación vivida este ano, coa falla de prazas públicas para atender a demanda real desta zona da cidade Compostelá; zona que nos últimos anos aumentou exponencialmente a súa poboación pola construción de novas vivendas.

Resulta evidente, pois, a necesidade de planificar, a acollida de todo o alumnado con prazas públicas nesta zona, non so para o vindeiro curso escolar 2016/17 senón tamén para o curso 2017-18 e seguintes.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que resulta urxente planificar a acollida do alumnado no curso 2017-18; planificación que debe contemplar unha solución definitiva, e as obras necesarias rematadas, para garantir as prazas públicas suficientes para acoller a demanda existente.

O Grupo Parlamentar do BNG considera fundamental o garantir unha educación pública e de calidade na zona sur de Compostela.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias e urxentes para:

1º.- Rematar o proxecto de ampliación do CEIP Lamas de Abade, antes de que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

remate o mes de xullo.

2º.- Colaborar co concello de Santiago para, poder resolver todos os problemas que se presenten, de cara a poder ofertar un CEIP Lamas de Abade ampliado para o curso 2017-18.

3º.- Adxudicar e executar as obras de ampliación do CEIP Lamas de Abade, de xeito que se garanta a posta en marcha do novo centro no curso 2017-18 e de xeito que poida garantir a oferta de prazas públicas suficientes no ensino obrigatorio nesta zona da cidade de Compostela.”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 27/04/2016 10:43:56

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 27/04/2016 10:44:02



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando á Consellaría do Mar a regular as tallas para os moluscos procedentes dos parques de cultivo.

A Consellaría do Mar publicou a Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo a talla mínima da ameixa babosa en 38 mm.

O propio Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, nos seus artigos 27 e 28, a competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. No exercicio destas competencias ditouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que no seu artigo 6 establece que a política pesqueira galega terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de establecemento e regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos.

Temos que lembrar que estas medidas teñen por finalidade asegurar a reprodución nos bancos naturais. A actividade desenvolvida nos parques de cultivo é unha actividade que ten por finalidade o engorde da semente depositada no substrato, polo tanto é unha actividade de cultivo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A medida aprobada pola Administración galega topou co rexeitamento dos parquistas, que reclaman que a súa actividade non sexa regulada como a actividade desenvolvida en banco natural, senón como cultivo, xa que o engorde dos moluscos nos seus parques non debe garantir a reprodución.

Esta medida foi levada aos tribunais por parte da Agrupación Parquistas de Carril, por considerala discriminatoria con respecto a outras actividades similares e que se está permitindo a importación de moluscos coas mesmas características de cultivo que as súas sen que sexan sometidos a tamaño mínimo.

Os tribunais non tardaron en pronunciarse evidenciando que a actividade de engorde dos parquistas non debe ser sometida a un tamaño mínimo para a súa comercialización, deixando en suspensión a aplicación da nova normativa, interpretando que os parquistas poderán comercializar os seus produtos, debidamente documentados a outros clientes sen someterse aos criterios de tamaño mínimo sempre que a súa primeira venda non se realice a través das lonxas autorizadas.

A pesares disto a Consellaría na vez de buscar unha solución que resolva o problema, ameaza a cultivadores e comercializadores coa imposición de multas a todas aquelas entidades que comercialicen, compren ou transacionen ameixas que non alcance a talla mínima esixida pola Consellaría.

Na mesma Orde a propia Consellaría xustifica a excepcionalidade da medida despois de analizar a información procedente do seguimento das poboacións e da explotación da ameixa babosa e observar que en determinadas zonas esta especie ten problemas de crecemento chegando a propor que o tamaño sexa inferior ao regulado pola normativa comunitaria.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Incluso a Disposición Adicional Única, admite excepcionalmente e sempre que se recolla nos plans de xestión aprobados pola Administración pesqueira a posibilidade de extraer ameixa babosa cun tamaño mínimo de 35 mm.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento galego insta a Consellaría do Mar a regular as tallas para os moluscos procedentes dos parques de cultivo.”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 27/04/2016 11:06:29

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 27/04/2016 11:06:37

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª Educación e Cultura**.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios do ano 2015 distintas iniciativas tratadas neste Parlamento amosaban a preocupación que distintos membros da comunidade educativa do IES de Vilamarín trasladaron aos Grupos Parlamentares pola deriva autocrática e diversas actuacións irregulares que se estaban a producir no centro por parte da entón dirección.

As irregularidades denunciadas non eran infundadas xa que rematou coa sanción ao director de 70 días de inhabilitación de emprego e soldo.

Novamente, a comunidade educativa do IES de Vilamarín volve a trasladar a súa inqueda a esta deputada pola posibilidade de que, ao remate da sanción, o director poda continuar no seu cargo, pese a ter sido expedientado e sancionado xa por dúas veces e renovado no cargo tras a anterior sanción.

A primeira renovación produciuse tras ser sancionado por facturar a unha empresa da súa propiedade, diñeiro do centro público que dirixía e seguiu dirixindo tras cumprir a sanción. Non se entende como se lle permitiu seguir no seu cargo logo dun feito tan grave. Podíase aducir que todos temos dereito a unha segunda oportunidade e ao dereito de emenda. Porén, o ambiente



laboral, as condicións educativas do alumnado e a deriva autocrática continuou, obrigando a parte do claustro, a ter que recorrer á Inspección Educativa con demasiada frecuencia.


As continuas denuncias remataron cunha nova sanción.

Sendo reincidente, non se entendería cales son os méritos acadados pola actual dirección para continuar no seu cargo e non ser substituído.

Se só se fai referencia á súa xestión, sen ter en conta as dúas inhabilitacións, tampouco xustificaría a súa permanencia no cargo pois o balance non é favorable.

Durante os case 8 anos da actual dirección, revélanse insuficiencias graves para o normal funcionamento da actividade docente. De entre as denunciadas sinalaremos as seguintes:

- Afán por orientar o centro cara as actividades que xeran ingresos cunha xestión mais empresarial que educativa.
- Desaparición dos programas CUALE de inglés e francés.
- Perda de programas de colaboración europeos ou becas Erasmus.
- Biblioteca en desuso.
- Aula informática desactualizada, programas eliminados e deficiente conexión a internet.
- Inexistencia de actividades extra escolares.
- Competencia desleal do centro denunciada polo colectivo de pasteiros da provincia ou na Feira Xantar.
- Limitación do control da xestión da dirección.
- Arbitrariedades na toma de decisións, etc...



Polo exposto preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a non renovar no cargo ao director do IES Vilamarín, unha vez finalizado o cumprimento dunha segunda sanción inhabilitándoo con suspensión de emprego e soldo de 70 días, tras ter sido renovado no seu cargo logo de cumprir a primeira sanción imposta.”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 27/04/2016 12:33:26





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

As e os traballadores e traballadoras dos centros de atención as persoas con discapacidade de Galiza veñen de iniciar unha campaña de recollida de sinaturas e xuntanzas cos grupos parlamentares para conseguir melloras laborais e un convenio galego. Os recortes realizados polas diferentes administración, departamento de Benestar e goberno do estado, así como as reformas laborais supuxo unha perda de dereitos do persoal destes centros.

De feito, segundo denuncia o propio persoal sufriron retrasos no pago das nóminas do persoal, modificación nas condicións de traballo, redución de plantillas e EREs en varios centros do país, endebedamento dalgunhas entidades, incumprimento de ratios para prestar o servizo con garantías de calidade e carencia de servizos.

Por todo isto fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) incrementar as partidas orzamentarias para o sector e que os centros de atención as persoas con discapacidade reciban as subvencións necesarias para prestar o servizo con calidade

b) iniciar as negociacións, coas patronais e sindicatos, que permita acadar un convenio galego para as traballadoras e traballadores dos centros de atención as persoas con discapacidade que mellore as condicións recollidas no convenio estatal e o financiamento destes centros.”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 27/04/2016 12:38:17

María Tereixa Paz Franco na data 27/04/2016 12:38:23



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A climatoloxía volve xogarlle unha mala pasada ao agro limiao. O ano pasado a seca provocou que case a metade da colleita de cereal de primavera da comarca se estragase, e agora o problema é a auga.

As choivas caídas durante as últimas semanas anegaron miles de hectáreas en toda a comarca. Centos de parcelas repartidas polos concellos de Xinzo, Sandiás, Trasmiras, Porqueira e Vilar de Barrio están inundadas. Iso sucede xusto no momento no que se ten que sementar o cereal de primavera e as patacas.

Os cálculos máis optimistas son que a maquinaria agrícola non poderá entrar ata dentro de varias semanas nas parcelas. O atraso na sementeira demorarase como mínimo un mes, até ben entrado maio. A falta de avaliación oficial, non menos dun 40% do cereal de inverno xa cultivado fai meses estragouse pola podremia en moitas das plantas. As perdas poderían ser de máis de 15 millóns de quilos só neste produto.

O problema é que o atraso na sementeira tamén diminuírá moito a produción do cereal de ciclo curto. A Limia recolle cada ano en torno a 60 millóns de quilos de cereal, sobre todo trigo e centeo.

A auga nas parcelas eliminou o abono botado nas leiras fai semanas para preparar a sementeira, que se produce normalmente nestas datas. Isto obrigará a abonar de novo no seu momento con custos adicionais importantes.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O panorama tampouco é mellor para a pataca. A demora de polo menos un mes en sementar o tubérculo provocará -segundo as previsións- unha perda importante na cifra de produción, que nun ano rolda unha media de 100 millóns de quilos na comarca.

Unha alta porcentaxe da pataca de semente que os agricultores teñen na casa e que non será plantada ata maio perderase e a perda no momento de recoller o tubérculo tamén será moi elevada, posiblemente de decenas de millóns de quilos.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a realizar unha avaliación dos danos ocasionados polas choivas na comarca da Limia así como o seu impacto en forma de posíbeis perdas na actividade agraria, singularmente na produción de cereal e pataca, e que en consecuencia se estableza algunha liña de axudas para paliar o impacto destas perdas na economía da comarca.”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 27/04/2016 13:24:44

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 27/04/2016 13:24:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Segundo a información que se nos fai chegar ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a Consellaría do Medio Rural mantén sen satisfacerlle aos beneficiarios da convocatoria para o 2014 das axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas.

Segundo nos fan saber numerosas entidades que solicitaron estas axudas, que resultaron beneficiarias, que impartiron as accións formativas e que xustificaron todos os gastos ante a Consellaría do Medio Rural, tal como establecen as bases, máis dun ano e medio seguen sen cobrar estas subvencións sen que se lles teña dado nunha explicación por parte da administración.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a que non prazo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máximo de 15 días se proceda a aboarllas as cantidades concedidas aos beneficiarios da convocatoria para o 2014 das axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas, que teñan debidamente acreditadas a realización das actividades e os gastos correspondentes.”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 27/04/2016 17:33:39

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 27/04/2016 17:33:44

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Emilio Vázquez Blanco e Vicente Docasar Docasar, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Durante os últimos anos, o sector do libro e das bibliotecas, sufriu un dos maiores recortes orzamentarios por parte da Xunta de Galicia. Xusto nun momento no que a crise fixo que o nivel de vendas, retrocedera ao nivel de hai 20 anos. Os datos indican que entre 2008 e 2014, se viviu unha caída constante de vendas e de produción literaria en Galicia, e aínda que no ano 2014, houbo unha lixeira mellora, coas perspectivas actuais, resulta imposible recuperar os niveis de antano.

Aínda que a Xunta de Galicia, vendeu que este ano era o ano da recuperación e dos orzamentos expansivos, o grande avance en investimento no sector do libro foi o aumento en 40.000 euros na animación á lectura, pasando de 200.000 a 240.000. Non obstante, permaneceron estancadas partidas como a promoción da edición do libro en galego, ou a promoción do libro e a lectura. E partidas como a partida para a adquisición de fondos bibliográficos mesmo descenden con respecto ao ano anterior.

Cómpre recordar que no 2009, a promoción da edición do libro en galego e adquisición de fondos bibliográficos, recibía máis de catro veces máis que agora, o cal loxicamente ten consecuencias na produción editorial de Galicia. Polo que no momento actual, é preciso dar un impulso ao sector editorial para saír da situación vivida nos últimos anos e precísase a colaboración institucional para garantir o futuro da industria editorial galega.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Impulse a compra de fondos para as bibliotecas, acadando niveis de investimento que invertan a evolución decrecente do investimento sufrida nos

 Grupo Parlamentario

últimos anos.

2º) Desenvolva a través dos medios públicos, campañas de promoción da lectura, que potencien o consumo de literatura galega.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3º) Incentive a venda do libro en galego a través de propostas como o bonocultura, que axuden a paliar o efecto do IVE cultural do 21 %.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:

Emilio Vázquez Blanco na data 27/04/2016 17:53:55

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 27/04/2016 17:54:04

María Concepción Burgo López na data 27/04/2016 17:54:15

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2016 17:56:13

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Ramón Val Alonso e José Manuel Gallego Lomba, e da súa deputada María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Os problemas de contaminación da ría de Ferrol son coñecidos por todos.

As deficiencias no saneamento provocan que sexa un dos estuarios máis contaminados de Galicia con varias zonas de exclusión, é dicir sen clasificar e cunha zona de produción, a máis produtiva catalogada como C.

O Goberno galego decidiu no seu momento promover un cambio de modelo na explotación, pasando do coñecido como Plan de dinamización marisqueira da ría de Ferrol, no que os mariscadores cobraban por realizar traballos de rexeneración dos bancos a un modelo que permite a comercialización do produto recollido en zona C, despois de pasar un período de depuración nas bateas de reinstalación colocadas para tal fin pola Consellería do Mar na boca da ría, despois de reclasificar unha zona como A.

O modelo non funciona, o marisco perde calidade e prezo, e a elevada mortandade que ten que ser asumida polas confrarías de Ferrol e Barallobre está poñendo a estas entidades no abismo económico.

Hai poucos días que unha operación policial poñía en evidencia que estamos diante dun problema serio no que como sempre os quen teñen que render contas son os usuarios dos bancos marisqueiros, e non os responsables últimos da situación.

A situación é xa insostible para centos de traballadores que ven perigar o seu emprego e mesmo teñen que enfrontarse a responsabilidades que en ningún caso son súas.

Grupo Parlamentario

É por isto que diante desta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º) Asuma as responsabilidades e os prexuízos ocasionados aos usuarios dos bancos marisqueiros da ría de Ferrol, e promova as accións necesarias para rematar o saneamento integral da ría de Ferrol.

2º) Modifique o actual modelo de reinstalación do marisco extraído das zonas C e asuma as perdas ocasionadas ás confrarías pola mortandade dos moluscos.

3º) Dote orzamentariamente unha partida co fin de que os mariscadores e mariscadoras poñan en marcha os traballos de rexeneración dos bancos marisqueiros.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 27/04/2016 18:02:53

José Manuel Gallego Lomba na data 27/04/2016 18:03:10

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 27/04/2016 18:03:24

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2016 18:03:33

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputados, **Noela Blanco Rodríguez, Carmen Acuña Docampo, María Quintas Álvarez, Carmen Gallego Calva e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Ourense é a día de hoxe a única provincia galega que non conta cun centro público para atender aos mozos e mozas con diversidade funcional de máis de 21 anos. Coa actual normativa en vigor, este alumnado ten que abandonar o centro educativo no que se atopan unha vez cumpridos os 21 anos, situación que leva ás súas familias a unha situación de profunda desesperanza, xa que estes mozos e mozas terán que permanecer nas súas casas ou desprazarse a centros moi afastados do seu domicilio habitual, rompendo dese xeito o necesario vínculo coas súas familias e perdendo de paso as destrezas e habilidades que con grande esforzo adquiriran na súa etapa de escolarización.

Esta xusta reivindicación, defendida pola Plataforma ProCAP-Ourense (Centro Asistencial Público en Ourense de xestión pública), conta co apoio dunha ampla representación social, sindical, evidenciando a xustiza da mesma e a necesidade de dar solución a este problema dende o Goberno da Xunta de Galicia.

Os e as socialistas consideramos que o Goberno de Galicia ten a responsabilidade de atender as necesidades do conxunto da poboación, pero moito máis, se cabe, as necesidades das persoas que teñen dificultades para poder desenvolver de maneira autónoma as súas vidas e que necesitan dun apoio especial. Entendemos, así mesmo, que estamos ante unha demanda totalmente xusta e que merece ser tida en consideración, e nada xustifica deixar abandonados á súa sorte a estas familias e aos seus fillos e fillas.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer a disposición, no vindeiro curso 2016-2017, un centro público asistencial e de xestión pública, na provincia de Ourense, para persoas maiores de 21 anos con diversidade funcional.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Raul Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 27/04/2016 19:17:04

María del Carmen Acuña do Campo na data 27/04/2016 19:17:14

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 27/04/2016 19:17:22

Carmen Gallego Calvar na data 27/04/2016 19:17:29

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2016 19:17:34

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/04/2016 19:17:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belen Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

As e os veciños de Cuntis viven en reiteradas ocasións situacións de tensión debido ao caudal que baixa polo río Gallo ao seu paso polo centro urbano e as vivendas e negocios corren risco de quedar asolagados. A construción dun novo tanque de tormentas cerca da depuradora de Meira non tivo éxito e o río Gallo segue desbordándose e cubrindo os laterais da N-640. De feito, aínda que Augas de Galicia estuda as crecidas do río Gallo no novo "Plan de Xestión de Riscos de Inundación" exclúe das zonas consideradas "inundables" a zona máis problemática e que provoca as peores enchentes de todo o concello de Cuntis. Ademais nesa zona existe un problema derivado da construción da variante da N-640 no ano 1997, cando se mantivo colocado por debaixo da estrada un tubo de desagüe dunha capacidade menor á cantidade de auga que recibe esa zona, lugar onde conflúe o río Gallo cun dos seus regatos afluentes.

Ademais, no ano 2011 aprobouse o coñecido como Plan Umia, o cal pretendía levar a cabo entre os anos 2011 e 2015 unha inversión de 22 millóns de Euros nos concellos de Caldas de Reis, Moraña e Cuntis, en compensación pola construción do coñecido como Encoro de A Baxe. Ademais ese Plan, prevía unha serie de actuacións para ter o citado encoro en condicións óptimas, entre elas unha actuación con eucalipto que evitase as continuas proliferación de microcistina que tinguían de verde a auga do encoro e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provocaban alteracións para a saúde das veciñas e veciños. A día de hoxe, a única actuación que consta que foi realizada, foi a do Tanque de Tormentas, no cal se investiron máis de 100.000 €, e cuxos resultados son máis que lamentables.

Así as cousas os grupos que compoñen a corporación municipal de Cuntis acordaron no Pleno do mes de xaneiro solicitar unha reunión á Consellería de Medio Ambiente para tratar o problema das repetidas inundacións na vila, coa crecida do río Gallo. A intención ademais é solicitar unha axuda económica para realizar obras que eviten danos en caso de novos desbordamentos na zona máis afectada era esixir que se realice un "estudo serio" sobre as inundacións.

Ante a negativa de Augas de Galicia de asumir os requerimentos do Concello de Cuntis, logo dunha reunión na cal o director e o subdirector descoñecían totalmente as cuestións polas cales foron preguntados, o Alcalde e distintos membros do goberno, así como de partidos con representación no concello de Cuntis, reuníronse cos grupos parlamentares para facer unha proposta que traslada o Grupo Parlamentar do BNG a través da seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

a) realizar as actuacións na conca do ría Gallo de cara a buscar solucións das enchentes

b) realizar as actuacións oportunas para limpar a conca do ría Gallo

c) Mellorar e realizar maiores obras de saneamento no Concello de Cuntis.

d) Que se indique onde se empregaron os 22 de millóns de € do Plan Umia, e se non se empregou esa cantidade, canto se empregou, así coma o número de reposicións de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

codia de eucalipto e as medidas de coidado e mantemento que se levaron a cabo no encoro de A Baxe.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Ana Belen Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 28/04/2016 10:38:24

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/04/2016 10:38:30

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa do deputado Jacobo Moreira ferro, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos

O Camiño de Santiago Portugués é a segunda ruta xacobeá por número de peregrinos, alcanzando no pasado ano 2015 uns 43.000 peregrinos.

Ao seu paso polo termino municipal de Pontevedra, o Camiño presenta puntos nos que, por non existir beirarrúa, os peregrinos teñen que circular pola calzada no tramo de estrada autonómica PO-225, no lugar de San Caetano, Parroquia de Alba, un tramo no que apenas existe beiravía, co conseguinte risco para a súa seguridade, ao tratarse dunha vía cun importante fluxo de vehículos, e particularmente de vehículos pesados.

Resultaría pois conveniente habilitar unha beirarrúa ou ben unha alternativa técnica que garanta a seguridade dos peregrinos que transitan por esa vía, tanto a pé, como en bicicleta, cabalo, etc.

Ao tempo, a Xunta de Galicia está a impulsar un plan de sendas peonís nas estradas de titularidade autonómica, co obxectivo de fomentar unha mobilidade non contaminante a través de itinerarios peonís e ciclistas. A comarca de Pontevedra, precisamente, foi priorizada para que se estuden os itinerarios nos que é posible desenvolver este plan, de modo que se propón que se considere este treito para a execución dunha senda que podería cumprir ambos os obxectivos: fomentar a mobilidade alternativa sostible para os veciños da zona, e de modo seguro para eles e para os peregrinos que transitan por este treito da PO-225.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a considerar a PO-225 en San Caetano, Concello de Pontevedra, para a súa inclusión do programa de sendas que se está a desenvolver en estradas de titularidade autonómica para fomento da mobilidade sostible e definindo unha solución técnica que garanta a seguridade viaria dos peregrinos que seguen o Camiño Portugués por ese tramo da estrada.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/04/2016 12:22:52

Jacobo Moreira Ferro na data 28/04/2016 12:23:02



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando a Xunta de Galicia a adoptar medidas para volver a recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros.

Os rexistros de captura de reló entre os anos 2001 e 2005 demostran que era unha especie importante para o marisqueo en Galicia pola cantidade de quilos extraídos, máis de 1.400.000 quilos pero sobre todo polos ingresos que chegaron alcanzar máis de 2.500.000 euros.

Esta situación mudou cando se constatou que esta especie acumulaba unha grande cantidade de chumbo prohibíndose a súa extracción. Dende entón diversas foron as reclamacións do sector, e de algúns grupos políticos demandando da Xunta de Galicia os estudos pertinentes para poder analizar en profundidade a problemática deste bivalvo e buscar a maneira de poder volver a extraer este molusco dado que supoñía unha perda irreparable para os ingresos de centos de mariscadores e en maior medida a partir do ano 2012 en que tivo lugar os efectos devastadores da Marteilia que acabou cos bancos marisqueiros do berberecho na ría de Arousa, Pontevedra e Vigo.

Neste contexto no ano 2014, e ante a presión do sector, a Consellaría do Mar tras as mostraxes realizadas trasladaba a opinión pública que nalgúns bancos marisqueiros os índices de acumulación de chumbo non alcanzaba os límites autorizados pola UE en exemplares de tamaño inferior aos 35 milímetros, co cal era procedente autorizar o seu consumo con todas as garantías sanitarias.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero a marxe de tamaño e o control e a responsabilidade de seleccionar que individuos eran aptos e cales se desbotaban era tan complexo que o sector considerou que non era viable optándose por un acordo entre sector e consellaría que tiña o seu reflexo na campaña do 2015 onde se publicaba unha resolución que autorizaba a extraer 15 quilos de reloxito para compensar as perdas por mortalidade e redución de topes e resembralos nunhas zonas determinadas pola Consellaría, a cambio abonábanse un total de 25 euros por capazo.

Pero agora resulta que un estudo levado polo grupo Ecotox da Universidade de Vigo no que se avalía o risco que supón o consumo deste bivalvo e os resultados obtidos todo indica que a inxesta deste produto non representa perigo para a saúde o que abre unha porta a posibilidade de recuperar a súa extracción e comercialización.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver as seguintes medidas para recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros:

- Ampliar o estudo realizado pola Universidade de Vigo para comprobar que é inocuo o consumo de reló nos seres humanos
- Asumir responsabilidades a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro por manter a extracción de reló pechado dende o ano 2008 sen buscar alternativas.
- Reclamar as competencias en investigación oceanográfica e a transferencia dos diferentes centros de investigación ubicados en Galicia para que se poida concentrar estes recursos nas prioridades do País.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer compromisos de actuación de cara a que para a próxima campaña marisqueira se poida volver a extraer e comercializar reló con garantías.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 28/04/2016 16:38:30

María Monserrat Prado Cores na data 28/04/2016 16:38:35

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 28/04/2016 16:38:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á reprogramación das citas oncolóxicas na EOXI de Compostela.

O servizo de oncoloxía da EOXI de Compostela leva anos traballando ao límite, mentres as patoloxías oncolóxicas e a súa complexidade non fixo máis que aumentar nos últimos anos, o número de profesionais de oncoloxía non se incrementou para poder atender o aumento da demanda asistencial polo que se ven desbordad@s.

A isto hai que engadir a implantación do programa de prescrición farmacéutica SILICOM. Unha ferramenta informática dependente da empresa privada, pensada para a xestión da farmacia hospitalaria, non responde a criterios clínicos, é burocrática e obriga a investir o dobre do tempo en atender a cada doente.

Neste contexto diversos doentes dirixíronse ao Bloque Nacionalista Galego para trasladarnos a preocupación polas demoras nas consultas de revisión no servizo de oncoloxía da EOXI de Compostela. Infórmanos da reprogramación de citas, de xeito que consultas previstas para maio de 2016 son reprogramadas para xaneiro de 2017, oito meses máis tarde.

Si o diagnóstico precoz é importante nas patoloxías en xeral, nas oncolóxicas é fundamental, polo que é de supor a angustia e a preocupación d@s doentes pola demora nas citas de consulta.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera inadmisíbel esta situación, que obriga @s profesionais a traballar con unha presión asistencial moi por enriba do normal e que incide negativamente na calidade da prestación sanitaria que reciben @s doentes, e polo tanto presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a.

-Realizar todas as actuacións precisas para que @s doentes oncolóxicos da EOXI de Compostela, @s que se lle reprogramou as consultas de revisión, teñan as mesmas nas datas inicialmente previstas.

-Aumentar @s profesionais do servizo de oncoloxía da EOXI de Compostela no número preciso para poder atender a presión asistencial existente no mesmo.

-Retirar o programa SILICOM, e proceder a desenvolver un propio do SERGAS, programado en función de criterios clínicos, que faciliten a prescrición e administración e incorporado ao IANUS.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Monserrat Prado Cores na data 28/04/2016 17:01:37

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 28/04/2016 17:01:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Cosme Pombo Rodríguez, Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas** e das deputadas **Montserrat Prado Cores, Tereixa Paz Franco, María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación dos traballadores da empresa LINORSA, adxudicataria do servizo de limpeza de numerosos edificios públicos dependentes da Xunta de Galiza.

A empresa LINORSA (Limpiezas del Noroeste, SA) é unha empresa que emprega a preto de 900 traballadores na Galiza e que ten a concesión do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galiza: Centros de Ensino, Centros de Saúde, Xulgados, etc.

As traballadoras e traballadores de LINORSA levan moito tempo denunciando que a empresa, concesionaria da limpeza destes edificios públicos que dependen da Xunta de Galiza, non lles abona unha parte importante dos seus salarios.

Diante desta situación, os comités de empresa de LINORSA decidiron convocar mobilizacións á vista dos reiterados impagos de salarios por parte da empresa e para reclamar a implicación da administración pública á hora de exercer as funcións de control que lle son propias para garantir os dereitos sociolaborais dos/as traballadores/as.

Tamén a CIG se dirixiu á varias administracións públicas reclamando a súa implicación, diante do impago de nóminas e das débedas da empresa LINORSA cos/as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seus/súas traballadoras/es. Esta central sindical ven denunciando as débedas da empresa cos/as traballadores/as e fixo un chamamento de urxencia, mesmo recorrendo á folga, diante do agravamento da situación polo recente embargo de máis de millón e medio de euros por parte da Axencia Tributaria e pola declaración de concurso de acredores da empresa. Mesmo chegou a reclamar, xunto coas demais centrais representativas, a rescisión das contratas a LINORSA para que non siga acumulando a súa débeda cos/as traballadores/as, e para posibilitar o rescate do servizo por parte da Xunta, que podería derivalo a outras empresas que poderían facerse cargos do servizo de limpeza e máis pagar aos/ás seus/súas traballadores/as.

O Grupo Parlamentar do BNG comparte as reclamacións das traballadoras/es e dos seus lexítimos representantes, diante do incumprimento dos dereitos laborais por parte dunha empresa concesionario de servizos de limpeza dunha administración pública, diante da lamentábel situación das traballadoras e traballadores que están a ter que traballar gratis para unha empresa que ten unha concesión dunha administración pública e reclama ao Goberno galego que tome as medidas oportunas para garantir a limpeza nos servizos públicos afectados e máis garantir o cobro dos salarios que as/os traballadoras/es aínda non percibiron.

Para o Grupo Parlamentar do BNG, non é de recibo a renuncia ao deber de vixilancia do Goberno galego respecto da forma en que se desenvolven as concesións, neste caso do servizo de limpeza, en edificios públicos dependentes do goberno galego e que ofertan un servizo público cal é o da educación, sanidade, xustiza, etc. Non é de recibo a impasividade do Goberno galego diante desta empresa que recibe cartos da administración pública mais que incumpre a lexislación laboral ao non abonarlle os salarios, en tempo e forma, aos/ás traballadores/as.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para:

1.- Reclamar da empresa LINORSA o cumprimento da lexislación vixente e o abono dos salarios adebedados aos/ás seus/súas traballadores/as que están a traballar no servizo de limpeza dos diferentes edificios públicos pertencentes á Xunta de Galiza.

2.- Rescindir os contratos de limpeza que a Xunta de Galiza ten coa empresa LINORSA, para poder rescatar a concesión e facerse cargo dos traballadores ate que outra empresa poida facerse cargo dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 28 de abril 2016

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Daniel Rodas Chapela

Montserrat Prado Cores

Tereixa Paz Franco

María do Carme Adán Villamarín

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 28/04/2016 17:28:15

Daniel Rodas Chapela na data 28/04/2016 17:28:20

María Monserrat Prado Cores na data 28/04/2016 17:28:24

María Tereixa Paz Franco na data 28/04/2016 17:28:27

María do Carme Adán Villamarín na data 28/04/2016 17:28:29

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/04/2016 17:28:30

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 28/04/2016 17:28:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, María do Carme Adán Villamarín e Daniel Rodas Chapela, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás deficiencias do servizo de urxencias do Novo Hospital de Vigo.

O proceso de construción do Novo Hospital de Vigo estivo envolto desde o seu inicio polo escándalo, a polémica e a sospeita. Cambio de modelo, modificación do proxecto, con importante redución, licitación, multiplicación do orzamento..

Coa posta en funcionamento, púxose ao descuberto con toda claridade a folla de ruta marcada, a peor faciana do Partido Popular ao servizo dos poderes económicos a costa dos petos d@s cidadáns. Foi unha actuación temeraria, sen garantías, con múltiples deficiencias, sen os equipos precisos, sen rematar as obras, sen contar c@s traballadores/as. Unha actuación temeraria que pon en risco a saúde e a vida dos doentes e a seguridade dos profesionais.

Foron múltiples as denuncias das deficiencias existentes realizadas por usuari@s, profesionais e organizacións sindicais.

Meses despois de terse realizado o traslado seguen as deficiencias, as irregularidades e as denuncias. A mediados deste mes de abril profesionais do servizo de urxencias dirixiron escrito á dirección do centro denunciando que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“...pese a ter informado, ao noso coordinador de servizo e á dirección correspondente, das deficiencias observadas que consideramos graves e que afectan ao normal desenvolvemento do traballo e á atención e seguridade do doente, grande parte destas non foron subsanadas...”

Estes profesionais denuncian que:

- Persisten as carencias de medios materiais (desfibriladores de altas prestacións en boxes de críticos, falta de algúns materiais en novas zonas destinadas á asistencia, tomas de osíxeno na zona de espera de boxes,, lavadoiros de mans insuficientes...).
- Mal funcionamento dos circuítos tanto asistenciais como de probas diagnósticas, mala distribución tanto arquitectónica como de espazos(distancias demasiado largas e circuítos pouco operativos, masificación de espazos, demoras na realización de probas diagnósticas, acumulo de doentes pendentes de resultados, demoras nos ingresos en planta e nos traslados a domicilio ou outros centros).
- Risco para a seguridade do doente e vulneración de dereitos básicos (zonas comúns saturadas, falta de aseos, boxes de aillamento insuficientes)
- A organización e actividade do servizo vese afectada pola ausencia de protocolos de actuación, falta de plan funcional, non coñecemento con antelación do calendario de traballo...



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A todo isto hai que engadir a deficiente ratio de persoal, de todo insuficiente para atender as urxencias dunha poboación de arredor de 435.000 persoas. No ámbito de cobertura do hospital no ano 2012 atendéronse 183.072 urxencias e en 2014 foron 182.664.

Mención especial merece a deficiente ratio de persoal

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego facemos nosas as demandas dos profesionais do servizo de urxencias do Novo Hospital de Vigo e formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merece ao Goberno galego as denuncias realizadas polos profesionais de urxencias do Novo Hospital de Vigo?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Rodas Chapela

María do Carme Adán Villamarín

Deputadas e deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 22/04/2016 11:59:24

María do Carme Adán Villamarín na data 22/04/2016 11:59:31

Daniel Rodas Chapela na data 22/04/2016 11:59:36

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, M^a Soledad Soneira Tajés, José Ramón Val Alonso e María de los Angeles Ferreiro Vidarte, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Colexio de Enxeñeiros de Galicia vén de denunciar irregularidades na adxudicación dunha praza de enxeñeiros de Portos de Galicia.

As bases da convocatoria por primeira vez dende a creación do ente, en 1997, para todas esas prazas sempre se esixiu a titulación técnica, en concreto a de enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

En este caso, casualmente, foi adxudicada segundo o propio colexio, a unha persoa que é licenciada en Dereito que traballa en Portos de Galicia coa categoría de administrativa, que ademais foi tenente de alcalde de O Grove polo Partido Popular.

De feito a esa praza se presentaron 4 enxeñeiros de Camiños de Portos de Galicia, por iso resulta cando menos sospeitoso que a praza fose outorgada a unha licenciada en dereito.

Por todo isto os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia deste nomeamento no ente público Portos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2016

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba

M^a Soledad Soneira Tajés

José Ramón Val Alonso

M^a de los Angeles Ferreiro Vidarte

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba na data 22/04/2016 13:21:45

María Soledad Soneira Tajés na data 22/04/2016 13:21:52

José Ramón Val Alonso na data 22/04/2016 13:21:58

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 22/04/2016 13:22:04

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, M^a Soledad Soneira Tajés, Noela Blanco Rodríguez e Ricardo Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende a Vicepresidencia da Xunta de Galicia anunciábase a finais de 2015 que o Goberno ía implantar o visor do expediente xudicial electrónico nos xulgados galegos ao longo de 2016, como unha actuación incluída no chamado Plan senda 2020 e coa fin de consolidar a dixitalización da xustiza e avanzar cara ao papel cero.

Precisamente por iso, a Audiencia Provincial de Pontevedra acollía, no mes de febreiro, a proba piloto deste visor que, segundo dicían o vicepresidente da Xunta de Galicia e a directora da AMTEGA, ao longo deste ano 2016 está previsto que se estenda a todas as sedes xudiciais galegas, a todos os e as profesionais e incluso a todos a cidadanía, aínda que, ata o momento, tan só xuíces e xuízas, fiscais e secretarios/secretarias poden acceder ao visor.

Mais o certo é que, en Pontevedra, tan só teñen acceso ao visor o decano dos xuíces e xuízas e o fiscal xefe. Ninguén máis, pese a telo pedido.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode afirmar o Goberno da Xunta de Galicia que, ao longo deste ano 2016, se vai estender a implantación do visor do expediente xudicial electrónico a todas as sedes xudiciais galegas?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
M^a Soledad Soneira Tajés
Noela Blanco Rodríguez
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/04/2016 13:32:46

María Soledad Soneira Tajés na data 22/04/2016 13:32:53

Noela Blanco Rodríguez na data 22/04/2016 13:33:01

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/04/2016 13:33:06

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Hai uns días, o presidente da Xunta de Galicia anunciaba un investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora de Os Praceres, en Pontevedra. Seica porque, no ano 2016, é a prioridade da Consellería de Medio Ambiente e será a infraestrutura máis importante dentro do plan para o saneamento integral da ría. “Nas vindeiras semanas iremos licitando as obras e iniciándoas nos tres concellos (Pontevedra, Marín e Poio) de forma simultánea para acadar a depuración completa e integral da ría”, foron as súas verbas. E, todo segundo a prensa, a Xunta de Galicia traballa na planificación de todos estes traballos para inicialos antes de que termine este ano 2016.

E, poucos días despois, a empresa Ence acordaba coa Consellería de Medio Ambiente (fotografía incluída) comprometer apoio económico a esta actuación de ampliación da EDAR; en concreto, ata 15 millóns de euros.

O certo é que, a finais do ano pasado, o Consello da Xunta de Galicia anunciaba a aprobación do Plan hidrolóxico Galicia-Costa para o período 2015-2021, cun investimento global de 655 millóns de euros. A nova Conselleira de Medio Ambiente, na súa comparecencia do día 26 de outubro de 2015, falaba de 24 millóns de euros destinados nos orzamentos para 2016 ás rías galegas, dato corroborado polo director de Augas de Galicia.

Seica os 24 millóns van destinados a plans e varias rías (creo lembrar que eran máis de 6), como as de O Burgo, Pontevedra, Vilagarcía...polo tanto, 4 millóns para cada unha. Sen poder esquecer que a marxe dereita da ría de Pontevedra, desgraciadamente, é zona sensible dende 2001.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que cantidade ten previsto en 2016 o Goberno da Xunta de Galicia para a EDAR de Os Praceres?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

José Antonio Sánchez Bugallo

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/04/2016 13:41:04

Raúl Fernández Fernández na data 22/04/2016 13:41:11

José Antonio Sánchez Bugallo na data 22/04/2016 13:41:19

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Carmen Iglesias Sueiro, deputada do **G.P. Mixto**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno** sobre o acordo adoptado neste Parlamento o 23 de febreiro do ano 2016 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina.

O 23 de febreiro do ano 2016 aprobábase por unanimidade no Pleno deste Parlamento a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a rebaixa do IVE ao 4 % para os produtos de hixiene feminina como compresas, tampóns ou copas menstruais.»

Polo exposto, formúlase a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**:


- Que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia para dar cumprimento a este acordo?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2016 13:56
Nº Rexistro: 49829
Data envío: 22/04/2016 13:56:28.734

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 22/04/2016 13:55:48





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a deficiente actuación da Consellaría do Medio Rural en relación coa execución e xestión dos fondos FEADER do período 2007/2013 e a perda de 60 millóns de euros de achegas para desenvolvemento rural en Galiza.

O PDR (Plano de Desenvolvemento Rural) de Galiza 2007-2013 foi un dos dous primeiros aprobados no Estado, o que permitiu iniciar con moita rapidez a súa execución. En contraste, por certo, co novo Programa para o período 2014-2020, que ven de ser aprobado en novembro de 2015, 2 anos despois de iniciado o período e no pelotón de cola dos aprobados pola Comisión da UE.

Neste plano prevíase inicialmente un gasto público total de 1.487.988.381 millóns de euros, dos cales o 57, % eran achegas realizadas de fondos FEADER da UE e o resto cofinanciado polo Estado e con fondos propios da Xunta de Galiza. Esta dotación inicial viuse reducida como consecuencia de decisións do Goberno Galego como as de reprogramación das taxas de cofinanciación, entre outras.

Tamén os recortes e as deficiencias na xestión da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se traduciron en problemas de funcionamento dos Grupos de Desenvolvemento Rural e por tanto en que non se optimizase en todo o seu potencial o programa Leader.

Como corolario fai uns meses sóubose que como consecuencia de problemas de xestión e execución por parte do Goberno Galego, Galiza deixou de percibir preto de 60



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

millóns de euros procedentes de fondos FEADER correspondentes ao período 2007/2013, mesmo tendo en conta a regra n+2 que estendeu a execución até decembro de 2015.

Tendo en conta o cofinanciamento público que levan aparellados estes fondos, do Estado e da Xunta, máis a participación do financiamento privado, estamos falando de que isto implica que se deixasen de investir en torno a 130 millóns de euros en políticas de desenvolvemento rural neste período.

Malia esta grave e prexudicial situación nunca existiu ningunha explicación do Goberno Galego, mais ben o único que fixo foi derivar as responsabilidades de forma “sorpresiva” cara o bipartito. Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estaría máis que xustificada a creación dunha Comisión para analizar as razóns da perda de fondos do PDR 2007-2013.

Curiosamente, logo dunha clamorosa ausencia de investigación e explicación, mesmo de autocrítica, semanas despois de coñecerse este dato o Consello da Xunta decidiu o cese do Director Xeral de Desenvolvemento Rural e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Sr. Crespo, máximo responsábel da execución do PDR e das políticas que nel se definen.

Este cese podería ser unha estratexia da Xunta de Galiza para evitar ter que dar explicacións acerca de tan negligente xestión política así como das súas consecuencias para o desenvolvemento rural no sentido máis amplo e tamén nas competencias concretas que tiña atribuído o Sr. Crespo como concentracións parcelarias, mobilidade de terras, mellora de infraestruturas, etc.

Estas son as razóns polas que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe algunha relación directa entre o cese polo Consello da Xunta do Sr. Crespo como Director Xeral de Desenvolvemento Rural e de AGADER coa súa xestión do PDR que provocou a perda de fondos FEADER?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

Asdo.: Tereixa Paz Franco
María do Carme Adán Villamarín
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 22/04/2016 13:56:42

María do Carme Adán Villamarín na data 22/04/2016 13:56:48

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, Abel Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez, Vicente Docasar Docasar e Manel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Georges Salamis, director da empresa matriz de Mineira de Corcoesto, creada para explotar ouro en Corcoesto (Cabana de Bergantiños), manifesta, nun correo electrónico, que “amigos” do presidente da Xunta de Galicia pretenderon facerlle chantaxe para desbloquear o expediente que permitira a posta en marcha deste proxecto mineiro.

Diante das graves acusacións que fai o director de Edgewater, sobre determinadas actuacións da Administración pública galega, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

A que cree que obedecen as graves acusacións que fai o director de Edgewater da Administración pública galega, sobre a tramitación do proxecto mineiro de Corcoesto?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2016

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Vicente Docasar Docasar
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 22/04/2016 14:26:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/04/2016 14:26:56



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodriguez na data 22/04/2016 14:27:03

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/04/2016 14:27:36

José Manuel Gallego Lomba na data 22/04/2016 14:28:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa as axudas públicas outorgadas a empresa Antonio Alonso Sociedade Limitada.

A empresa Antonio Alonso e Hijos é unha das empresa históricas da conserva galega. No ano 1947 convertese en Sociedade Limitada consolidando a actual marca “Palacio de Oriente”. Ven elaborando produtos de alta calidade tamén con outras marcas coñecidas como son “Ardora”, “Albatros”, “Alonso”... para abastecer diversos mercados tanto a nivel de Estado como internacional. Na actualidade convertida en Conservas Alonso Sociedade Limitada é unha empresa de referencia que ten unha das súas plantas de transformación localizada no concello de Bueu onde leva a cabo todo tipo de elaborados de conservas abarcando as especialidades de: túnidos, moluscos, especialmente o mexillón, zamburiñas, navallas, así como cefalópodos como o polbo ou a lura e as tradicionais especies peláxica de xouba, agullas... Outro dos centros de referencia son as instalacións de Celeiro (Viveiro) que leva funcionando dende o ano 1925.

Fai unha semanas a plantilla desta factoría composta por 49 traballadoras, con unha media de idade de 55 anos recibían a comunicación de que esta planta se ía pechar no prazo de dous meses trasladando a súa produción a fábrica de Bueu. E sorprende esta actuación polos excelentes resultados do sector da conserva pero tamén por que esta empresa contou para a súa implantación con todo tipo de axudas e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colaboración por parte do Goberno galego, contando tamén no caso da fábrica do Morrazo coa colaboración do concello de Bueu para o seu traslado ao polígono industrial de Castiñeiras.

Apoio que tamén obtivo cando sufriu un incendio durante o ano 2012, o que provocou que levara a cabo un Expediente de Regulación de Emprego durante un ano, mantendo a produción e o emprego.

Esta política de redución de custes laborais contrasta coa boa situación financeira da empresa e pon en cuestión o apoio que o Goberno galego lle ten dado a dita empresa, incumprimento parte dos compromisos adquiridos para o outorgamento de fondos públicos.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten realizado ou vai realizar o Goberno galego diante da actuación da empresa de proceder ao peche da factoría de Viveiro?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 25/04/2016 09:51:31

María do Carme Adán Villamarín na data 25/04/2016 09:51:36



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Maria Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación dos traballadores da empresa LINORSA, adxudicataria do servizo de limpeza de numerosos centros escolares en Toda Galiza.

A empresa LINORSA (Limpiezas del Noroeste, SA) ten a concesión do servizo de limpeza de varios centros públicos de ensino ubicados nos concellos de Boimorto, Frades, Trazo, a Baña e Touro.

As traballadoras e Traballadores de LINORSA levan moito tempo denunciando que a empresa, concesionaria da limpeza dos colexios, non lles abona unha parte importante dos seus salarios.

Diante desta situación, os comités de empresa de LINORSA decidiron convocar mobilizacións á vista dos reiterados impagos de salarios por parte da empresa e para reclamar a implicación da administración pública á hora de garantir os dereitos sociolaborais dos/as traballadores/as.

Tamén a CIG se dirixiu á consellería de educación reclamando a súa implicación, diante do impago de nóminas e das débedas da empresa LINORSA cos/as seus/súas traballadoras/es. Esta central sindical ven denunciando as débedas da empresa cos/as traballadores/as e o agravamento da situación polo recente embargo de máis de millón e medio euros por parte da Axencia Tributaria. Mesmo chegou a reclamar, xunto coas demais centrais representativas, a rescisión das contratas a LINORSA para que non siga acumulando a súa débeda cos/as traballadores/as, e para posibilitar o rescate do



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

servizo por parte doutras empresas que poderían facerse cargos do servizo de limpeza e máis pagar aos/ás seus/súas traballadores/as.

O Grupo Parlamentar do BNG comparte as reclamacións das traballadoras/es e dos seus lexítimos representantes diante do incumprimento dos dereitos laborais por parte dunha empresa concesionario de servizos de limpeza dunha administración pública.

Para o Grupo Parlamentar do BNG, non é de recibo a pasividade da Consellería de Educación diante desta empresa que recibe cartos da administración pública mais que incumpre a lexislación laboral ao non abonarlle os salarios, en tempo e forma, aos/ás traballadores/as.

Por todo o exposto o formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que opina o Goberno de que unha empresa contratada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretenda incumplir a lexislación vixente en materia laboral, tras acceder a un contrato coa administración pública galega?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2016

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

María Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/04/2016 18:18:33

María Monserrat Prado Cores na data 25/04/2016 18:18:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputados e deputada do Grupo Parlamentario de **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa ás dotacións e infraestruturas necesarias para o CEIP Luís Pimentel de Lugo.

O CEIP Luís Pimentel de Lugo é un dos centros de Galicia cunha matrícula das máis elevada e o primeiro en número de alumnos e alumnas escolarizados de toda a provincia de Lugo. Ó centro acoden cada día 675 nenos e nenas repartidos en tres liñas educativas a pesares de seren concibido en orixe, como un colexio de dúas únicas liñas.

Estamos a falar polo tanto, dun centro educativo situado nun barrio popular da periferia de Lugo, cuxa demanda de prazas obrigou a aproveitar os espazos dispoñibles en detrimento de aulas e espazos comúns de uso xeral, incumprindo na actualidade a normativa vixente en materia de instalacións educativas.

Como consecuencia desta deriva, a etapa educativa de Educación infantil sofre carencias nas súas dotacións que repercuten negativamente no axeitado desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe. Os cursos de Educación Infantil impártense repartidos en edificios separados entre si preto de 40 metros, acollendo un deles o curso de 3 anos de Educación Infantil e compartindo espazo no outro, os nenos e nenas de 4 e 5 anos e os cursos de 1º e 2º de Educación Primaria.

O patio de recreo para toda a etapa infantil atópase no edificio de 3 anos, polo que tódolos días os nenos/as de 4 e 5 anos teñen que percorrer a distancia existente entre os dous edificios. Cando as circunstancias meteorolóxicas non o permiten, os alumnos de 4 e 5 anos quedan nas aulas e non saen ao patio.

A distancia existente entre os edificios de infantil implica ademais que o alumnado teña que atravesar diariamente os patios de recreo, con escaleiras, desniveis e chanzos, o que

provoca non poucas caídas e perdas de tempo de horario lectivo ou de recreo.

O edificio de educación infantil para 3 anos non ten os baños de nenos/as dentro das aulas, incumprindo manifestamente a normativa.

Mais ás carencias e dificultades descritas e específicas para a etapa de Educación Infantil, engádense outras que tamén deben ser atendidas e contempladas nun plan de investimentos plurianual que permita dar una resposta progresiva e axeitada ás demandas formuladas pola comunidade Educativa deste centro.

A programación Xeral Anual (PXA) vixente constata algunhas das principais necesidades do centro, que pasan por contar cun salón de actos, dispor dun segundo ximnasio, contar con espazos cubertos para Educación Infantil, mellorar a accesibilidade e reparar os patios e pistas deportivas, cubrir os piares do patio de EI, completar a dotación da aula de informática e poñer a disposición ordenadores para o alumnado, renovación do mobiliario do alumnado das aulas de 3º e 4º de Educación Primaria, mellorar e completar o cerramento exterior do centro etc..

Para atender as demandas e necesidades descritas e atendendo ás prioridades educativas do centro, resulta imprescindible construír un novo edificio de Educación Infantil para que, substituíndo a pequena construción existente, garanta un ensino de calidade para os nenos desta etapa e de paso, poña a disposición de todo o centro novos e mellores espazos educativos e libere áreas do centro actualmente masificadas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego construír un novo edificio de Educación Infantil no CEIP Luís Pimentel de Lugo, que permita acoller as aulas desta etapa educativa e habilitar novos espazos de uso común para todo o centro?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/04/2016 11:10:02

Anton Sánchez García na data 26/04/2016 11:10:25

Ramón Vázquez Díaz na data 26/04/2016 11:09:40

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 26/04/2016 11:10:10

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/04/2016 11:09:49

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/04/2016 11:10:17



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as xestións que realizou a Xunta de Galiza para demandar do Estado español medidas para impulsar a renovación da flota galega de altura e gran altura.

As graves carencias de poder político propio que padece Galiza teñen repercusións prácticas, negativas, nos ámbitos máis diversos. O penúltimo na renovación da nosa flota pesqueira. Unha flota que no caso de altura e gran altura alcanza unha media de idade superior ao 30 anos e que precisa a súa renovación ou acabarán apodrecendo e afundíndose nos mares. Aquí exemplifícase a capacidade de interlocución dos distintos gobernos autonómicos podendo apreciar que mentres determinadas flotas do Estado español non só renovan as súas unidades se non que incluso chegan a poder conquistar novas construción nun total de 21.000 GT aportando baixas de calquera segmento, xustificándoas na rendibilidade e nas particularidades desta flota.

Mentres isto sucede e nesta Cámara son rexeitadas iniciativas que solicitan o mesmo trato para a flota galega asistimos como os armadores galegos denuncian esta situación e demandan non retrasar por maior tempo a renovación da obsoleta flota de altura e gran altura. E para elo esgrimen unha serie de medidas, entre elas demandan por en funcionamento o actual *tax lease* de xeito que a construción de barcos de pesca teña as mesmas deducións fiscais que se aplican a ferris, remolcadores de altura e buques de apoio a plataformas petrolíferas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E para elo incluso son quen de comprometerse a deseñar un modelo do futuro que teña en conta todas as medidas restritivas que deseña a UE para expulsar da actividade a nosa flota: prohibición de poder pescar determinadas especies, en determinadas profundidades, aplicación dos descartes, escasas cotas, control rigorosos das descargas, etc.

Polo tanto dado a problemática que está a sufrir a nosa flota compre tomar medidas e aportar solucións se queremos manter as nosas expectativas de seguir pescando no futuro

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas impulsou a Xunta de Galiza para demandar do Estado español medidas para impulsar a renovación da flota galega de altura e gran altura?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2016 13:18
Nº Rexistro: 49928

Data envío: 26/04/2016 13:18:19.029

Daniel Rodas Chapela na data 26/04/2016 13:16:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Juan Manuel Fajardo Recouso e Antón Sánchez García, deputados e deputada do Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a posta en marcha das reválidas de 3º e 6º de Educación Primaria establecidas pola LOMCE e asumidas polo Goberno Galego.

A LOMCE foi a lei de educación que levantou máis controversia e oposición social das aprobadas na historia do noso país. Unha lei que o Partido Popular aprobou en solitario, en contra de todas as organizacións sociais e políticas, fronte a toda a comunidade educativa e co rexeitamento xeneralizado de toda a sociedade civil.

Pola súa banda, o Goberno galego está a facer un exercicio lamentable de seguidismo das políticas do Goberno central, renunciando a exercer as súas competencias en materia educativa e asumindo de forma submisiva o contido literal da LOMCE.

Foron varias as Comunidades Autónomas que presentaron recurso de inconstitucionalidade e, mesmo outras, coma o País Vasco, asinaron un acordo bilateral co Goberno do Estado establecendo modificacións na aplicación da LOMCE en materias tan importantes como a lingua ou as funcións dos Consellos Escolares.

Pola contra, e ata o día de hoxe, foron numerosos os decretos de desenvolvemento da LOMCE aprobados en Galicia, algúns mesmo empeoran o propio marco normativo antipedagóxico desta Lei Orgánica convertendo ao Goberno galego nun alumno aplicado do ex-ministro Wert.

Se hai unha mostra do carácter determinista, competitivo e discriminatorio da LOMCE, esa é sen dúbida o establecemento das sucesivas reválidas impostas dende idades temperás. A LOMCE establece un modelo educativo baseado nunha carreira de obstáculos dirixida a cribar e seleccionar o alumnado máis capacitado mediante sucesivas probas de avaliación externa, coas que clasificar e seleccionar tanto ao alumnado como aos propios centros de ensino.

Dentro deste enfoque, e durante o ensino obrigatorio, ademais da avaliación continua realizada nos centros, o alumnado pode chegar a realizar 8 probas externas entre as nacionais e as internacionais: a revalida de 3º, a revalida de 6º, a reválida de 4º da ESO, o PISA, o PIRLS, o TIMSS, o ICCS e o EECL. Estamos diante dunha obsesión avaliadora que, unida ao sistemático proceso de recorte orzamentario e de recursos aplicado no ensino público nos últimos anos, coloca o Sistema Educativo nunha situación de dificultades crecentes.

O Goberno galego vén de anunciar a realización das reválidas de 6º de Educación Primaria que, unidas ás de 3º de Educación Primaria, xa aplicadas o curso pasado, someterá a 44.000 nenos e nenas galegas a unha proba estandarizada, sen fins educativos, cuxos resultados non van formar parte do expediente académico e que servirán unicamente para comparar o rendemento do alumnado de diferentes centros. Redúcese deste xeito a avaliación educativa a un exercicio de comparación estandarizada, de medición de rendementos, de ranking escolar co que certificar o éxito ou o fracaso do alumnado e das escolas.

Dende Alternativa Galega de Esquerda consideramos que someter a nenos e nenas dende os 7 e 8 anos, a probas estandarizadas, supón unha medida antipedagóxica e carente de fins educativos, mais aló de fomentar a mera competitividade entre o alumnado e os centros educativos que, ademais, causa un estrés e un esforzo innecesarios.

Desprézase coas reválidas o traballo diario dos e das docentes nos centro educativos onde sistematicamente se realiza unha avaliación formativa desdobrada en tres fases fundamentais:

- a) Avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado diante de cada proceso de ensino aprendizaxe.
- b) Avaliación continua para detectar as dificultades existentes no proceso de ensino aprendizaxe e realizar os axustes necesarios no mesmo.
- c) Avaliación final para coñecer os resultados e consecución dos obxectivos propostos para cada unidade didáctica e nivel educativo.

A psicoloxía, a pedagogía e a didáctica teñen xa demostrado dende hai tempo que a avaliación debe ser continua e dirixida a reconducir o axeitado desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe. A avaliación continua, partindo da avaliación inicial, permite facer os axustes precisos para garantir o correcto desenvolvemento académico e persoal do alumnado, así como, o deseño de medidas de reforzo e apoio para aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades de aprendizaxe concretas ou xeralizadas. Unha avaliación globalizada que abrangue non só os saberes do alumnado senón a adecuación dos contidos e dos obxectivos, as

metodoloxías e os materias empregados, etc. Unha avaliación que mesmo avalía o propio proceso de avaliación.

Estes deben ser os fins da educación e non someter ó noso sistema educativo á ditadura de informes que, como o informe Pisa da OCDE, fai medicións dirixidas , condicionadas e con frecuencia descontextualizadas da realidade obxecto de avaliación.

A Resolución de 30 de marzo de 2016 pola que o Ministerio de Educación e Ciencia define os “cuestionarios de contexto” e os “indicadores comúns” para as reválidas de 6º de Primaria de todas as Comunidades do Estado, ditando preguntas para as familias, os centros e o alumnado, profundamente sesgadas e dirixidas a confirmar hipóteses previamente establecidas, abordando incluso cuestións do ámbito da intimidade familiar.

O custe das reválidas galegas, estimado en máis de 200.000 euros, supón un desbaratamento de recursos públicos nunhas probas que non van achegar información relevante para os nenos, as nenas e as súas familias.

Os centros educativos, dentro do modelo de avaliación formativa, remiten información periódica ás familias sobre a evolución do alumnado nos procesos de ensino aprendizaxe e manteñen xuntanzas coas familias para achegar e obter información de relevancia, que poda afectar ao progreso académico e persoal dos rapaces e rapazas.

As familias xa amosaron o curso pasado o seu frontal rexeitamento ás reválidas non enviando as seus fillos á escola o día da celebración das mesmas, a pesar das dificultades que este feito implica. As confederacións de ANPAS e os representantes do profesorado tamén manifestaron xa a súa oposición a estas reválidas antipedagóxicas.

Alternativa Galega de Esquerda apoia e entende calquera forma de oposición e boicot ás reválidas como forma de salvagardar a función esencial da escola, educadora e inclusiva.

O Congreso dos Deputados vén de aprobar a paralización do desenvolvemento normativo da LOMCE, o que implica deter a aplicación das reválidas. Ademais, once comunidades autónomas ausentáronse da Xuntanza Técnica preparatoria das devanditas reválidas, convocada polo MEC o pasado 21 de Abril. O afán do Goberno galego por manter as Reválidas contra todo e contra todos supón unha temeridade pedagóxica, organizativa, económica e administrativa sen sentido algún.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Pleno.**

Vai insistir o Goberno galego na aplicación das reválidas de 3º e 6º de Educación Primaria previstas para este curso 2015/2016?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 26/04/2016 13:36:24

Eva Solla Fernández na data 26/04/2016 13:37:13

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/04/2016 13:36:55

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/04/2016 13:37:21

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/04/2016 13:36:40

Anton Sánchez García na data 26/04/2016 13:37:03

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Manuel Gallego Lomba, M^a Soledad Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Portos de Galicia, entidade dependente da Consellería do Mar, adxudicou recentemente a praza de xefa da área de Portos Deportivos. A adxudicación desta praza produciuse trala resolución dun concurso, no que por primeira vez, non se fixo convocatoria pública da mesma, ademais non primaron os méritos técnicos, vixentes dende 1996 e ata esta convocatoria cando sempre se esixiu a titulación técnica de enxeñería de Camiños, Canles e Portos, esixida tamén pola normativa vixente para exercer o cargo. A nova xefa de área, licenciada en Dereito, que ocupaba ata o momento un posto de funcionaria con categoría de administrativa na mesma entidade portuaria, conseguiu a praza en competencia con catro enxeñeiros. Exerceu ademais durante os últimos anos diferentes cargos institucionais e orgánicos no PP.

O Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia presentou recurso contra esta adxudicación. Non é a única praza controvertida da última convocatoria de Portos. Esta incluía a cobertura doutras dúas, as de xefe de Zona Centro e xefe de Zona Sur que foron xa anuladas por adxudicarse aos propietarios das mesmas, neste caso dous enxeñeiros de Camiños, cando o obxectivo era cubrir as súas baixas.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulamos a seguinte pregunta:

Grupo Parlamentario

Considera o Goberno autonómico que o procedemento levado a cabo para a cobertura da praza da xefatura da área de Portos Deportivos cumpre cos criterios de igualdade, mérito e capacidade no aceso e na promoción profesional, recollidas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Manuel Gallego Lomba
M^a Soledad Soneira Tajés
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 26/04/2016 13:13:50

José Manuel Gallego Lomba na data 26/04/2016 13:13:58

María Soledad Soneira Tajés na data 26/04/2016 13:14:04

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 26/04/2016 13:14:10



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a saber as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para regularizar e renovar a composición dos membros do Consello de Administración da Autoridade portuaria de Vigo.

No Diario Oficial de Galicia número 217, de data 11.11.2010, publicouse a Orde do 29 de outubro de 2010, polo que se dispón o nomeamento de vogais do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo.

En dita Orde, en base ao acordo do Consello da Xunta do día 16.09.2010, polo que se dispón o nomeamento de vogais do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo. En dita Orde, en base ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16/09/2010 de modificación da composición do Consello de Administración das Autoridades Portuarias de portos de interese xeral do Estado, situados na comunidade autónoma galega para adaptalos ao disposto na Lei 33/2010, do 5 de agosto, facultouse a persoa titular da consellería competente en materia de portos para a designación e separación dos vogais que compoñen o Consello de Administración destas autoridades portuarias.

Encontrándonos que no consello de administración da Autoridade portuaria de Vigo non se ten levado a cabo esta alternancia de nomeamentos e xa van alá máis de cinco anos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou a Xunta de Galicia para regularizar e renovar a composición dos membros do Consello de Administración da Autoridade portuaria de Vigo?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 26/04/2016 13:58:40

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, José Luís Méndez Romeu, Emilio Vázquez Blanco, María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nas últimas semanas chegaron ao Grupo Parlamentario Socialista unha serie de queixas de nais e pais de alumnos e alumnas do concello de Arteixo, en concreto de Larín.

As denuncias das familias dese concello e dos membros do Grupo Municipal Socialista en Arteixo falan das dificultades que veñen sufrindo nos últimos tempos coas coberturas de vacantes da citada escola, que teñen mesmo producido, hai uns días, que a propia Inspección de Educación se vise obrigada a pechar a escola por falta de persoal docente.

Todos e todas sabemos que o deterioro da educación no rural camiña en paralelo ao proceso de desmantelamento que está a padecer o rural no seu conxunto, do mesmo xeito que o potencial que a escola podería exercer como dinamizadora do rural non está sendo potenciado como debe dende a política.

Entendemos que esta cuestión debería integrarse nun proxecto máis global de desenvolvemento do rural en todas as súas facetas, e por iso falamos sempre da necesidade dun tratamento axeitado de discriminación positiva e unha planificación que fóra máis alá dunha soa consellería, xa que a educación en solitario non pode abordar un problema deste calado.

Trataríase de levar adiante un proxecto global baseado na ocupación racional do territorio co fin de conseguir asentar poboación no rural, e co gallo de acadar un equilibrio social, territorial, educativo, cultural e económico que antepuxera a necesidade vital de pervivencia digna do rural e das súas xentes ás meras cuestións economicistas e curtoplacistas, e co fin de conseguir unha educación cos mesmos parámetros de calidade que os que teñen as xentes que viven nas nosas cidades.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nese proxecto de dinamización do rural sería primordial eliminar a fenda dixital existente entre os centros das cidades e os centros do rural, conseguir que os nenos e nenas das nosas escolas rurais reciban as súas clases nos niveis que lles corresponden pola súa idade e curso, garantir unha mesma calidade de ensino co persoal especialista necesario, equipamentos didácticos dignos, servizos complementarios de transporte escolar e comedor acordes ás necesidades dos tempos de hoxe e, como non, a cobertura das vacantes das escolas unitarias con maior sensibilidade, xa que nun centro de secundaria ou mesmo de primaria estas cuestións poden emendarse co resto do profesorado do centro, cousa que non é posible nunha escola unitaria.

Entende o Grupo Socialista que, fronte á primacía do criterio económico curtopracista que afonda no desequilibrio territorial, cómpre primar os dereitos dos nenos e nenas a recibir unha atención educativa no seu medio durante as primeiras etapas como forma de dignificar o mundo rural e evitar o seu despoboamento, pois non haberá desenvolvemento rural se non hai un cambio nas actitudes do conxunto da poboación.

Non conseguiremos ocupar razoablemente o noso territorio sen protexer o noso sector agrogandeiro e forestal, ou sen garantir en igualdade de condicións os servizos públicos esenciais de educación, sanidade e atención ás persoas maiores.

Os deputados e as deputadas que asinan recollen esta queixa que nos chega dende Arteixo, e por iso preguntan:

Que ten previsto facer a Xunta de Galicia para evitar que este tipo de situacións se volvan a producir no futuro?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 26/04/2016 17:55:47



 **Grupo Parlamentario**

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/04/2016 17:56:00

Emilio Vázquez Blanco na data 26/04/2016 17:56:14

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 26/04/2016 17:56:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 26/04/2016 17:56:42

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Sánchez Bugallo, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Con data 11 de marzo de 2015, a través da pregunta 34730, formulada por este grupo, que non foi contestada nin oral nin escrita por parte do Goberno, manifestábase que a política de prezos que estaba a seguir o Goberno da Xunta de Galicia xeraba “un desequilibrio, nun territorio tan pequeno, que pode e vai producir un efecto non desexado de deslocalización empresarial dentro da propia comunidade; e pola contra, é completamente inútil para competir cos prezos e as condicións da oferta de solo industrial do norte de Portugal. De tal xeito que as cidades e vilas galegas competirán entre si, mentres unha parte do tecido empresarial de Galicia se traslada ao país veciño.”

Posteriormente, en contestación á pregunta número 48038, formulada tamén por este grupo, na que se pedían os datos referidos á venda de solo industrial no ano 2015, desagregado por parcelas, polo tamaño de cada unha e especificado por concellos, segundo a contestación facilitada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda vendéronse un total de 167 parcelas, correspondendo 45 á provincia da Coruña, 93 á provincia de Lugo, 23 á provincia de Ourense, e 6 á provincia de Pontevedra. Por superficie corresponderían 197.708 metros cadrados (39,16 %), á provincia da Coruña, 263.251 metros cadrados (52,14 %) á provincia de Lugo, 35.026 metros cadrados (6,93 %) á provincia de Ourense, e 8.877 metros cadrados (1,75 %) á provincia de Pontevedra.

Á vista desta información os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que pensa facer a Xunta de Galicia á vista dos datos facilitados por ela mesma para corrixir esta situación?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 26/04/2016 17:52:37

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2016 17:52:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2016 17:53:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Carmen Acuña Docampo, María Quintas Álvarez, Carmen Gallego Calva e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Segundo as informacións das que dispoñemos, o Sergas pretende desmantelar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de cociña tradicional, para implantar un modelo privatizado denominado de “liña fría”. Este cambio suporía que se cociñaría unha soa vez á semana, para arrefriar esta comida despois gardándoa en bandexas nunha cámara de conservación a menos de 4 graos sen conxelar, para posteriormente requentala no momento de servila.

Non existe neste momento unha demanda para reverter agora o modelo de cociñas, máis ben todo o contrario, este modelo xa se implantou no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo provocando numerosas queixas dos usuarios e usuarias e do persoal sanitario. Segundo teñen denunciado dende a implantación deste servizo no novo hospital privado de Vigo posto en marcha polo Goberno do PP, a comida que se lles está servindo aos doentes chega fría ou queimada, a regulación do sistema falla, e o estándar de calidade sobre os niveis coñecidos ata o de agora baixaron.

Ademais da diminución na calidade que suporía a privatización deste servizo, incrementárase o custe do mesmo, e poñeríase en risco os postos de traballo do persoal que na actualidade se ocupa destas tarefas.

Tendo en conta o anteriormente mencionado, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

 Grupo Parlamentario

Ten previsto o Sergas poñer en marcha no CHUOU un modelo privatizado de “liña fría” que substitúa o modelo actual de cociña tradicional?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Raul Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 26/04/2016 17:58:43

María del Carmen Acuña do Campo na data 26/04/2016 17:58:50

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 26/04/2016 17:59:00

Carmen Gallego Calvar na data 26/04/2016 17:59:07

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2016 17:59:11

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública (que agrupa a organizacións de cidadáns/cidadás e de pacientes, sindicatos, organizacións profesionais, partidos políticos e concellos) vén reivindicando a creación dun hospital único en Pontevedra para unificar todos os recursos nun só edificio e dotar ao complexo dos servizos que lle corresponden en función da súa poboación e dos que carece na actualidade por falta de espazo.

O goberno de Emilio Pérez Touriño aprobara a ampliación do Hospital de Montecelo aproveitando a existencia de espazo suficiente, accesos adecuados e servizos de auga, enerxía eléctrica e sumidoiros. Mais co cambio de goberno, en febreiro de 2010 a entón conselleira de Sanidade anunciaba un modelo para Pontevedra como o do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. E a opinión da cidadanía de Pontevedra e a súa comarca sobre este novo hospital en Monte Carrasco vai na mesma liña: a manifestación á que acudiron milleiros de persoas en defensa da sanidade pública en contra do proxecto foi a resposta.

Mais co cambio de goberno, en febreiro de 2010 a entón conselleira de Sanidade anunciaba un modelo para Pontevedra como o do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Nestes días, soubemos pola prensa que o Goberno da Xunta de Galicia non desbota agora a posibilidade de retomar a ampliación de Montecelo e a reforma do Provincial para mellorar a asistencia sanitaria na área de Pontevedra, en lugar de construír o hospital único de Monte Carrasco.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguintes pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Considera o Goberno que a partida orzamentaria de 26.000 euros da Lei de orzamentos de 2016 é suficiente?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2016 18:05:09

María del Carmen Acuña do Campo na data 26/04/2016 18:05:19

Carmen Gallego Calvar na data 26/04/2016 18:05:23

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 26/04/2016 18:05:28

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e José Antonio Sánchez Bugallo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

A través de documento do Ministerio da Presidencia do Goberno en funcións de España, coñecemos, en data do 12 de abril do presente ano, que por acordo entre o Goberno galego e o Goberno estatal en funcións se modifica o FCI da anualidade de 2016, relativo a "autoestradas, autovías e estradas", por importe de 11.051.015 euros.

Esta modificación supón que se detraen fondos de partidas específicas que tiñan consignación orzamentaria, con nome e apelidos, a outras actuacións e nalgún caso as actuacións das que se detrae o diñeiro se quedan a cero, é dicir, sen posibilidade real de executar ningún investimento este ano.

Sucede así co epígrafe de mellora da seguridade viaria, que continúa 4,3 millóns de euros ou coa VAC Tui - A Guarda Tramo I, que estaba consignada con 3,6 millóns de euros. A meirande parte deste orzamento se dedica ao desdoblamento do Corredor de O Morrazo, algo máis de 8 millóns de euros.

O Grupo Parlamentario Socialista non dubida da necesidade de desdobrar o corredor de O Morrazo, é máis, ao longo dos anos de Goberno de Feijoo denunciámos en múltiples ocasións os intolerables atrasos e a chapuza administrativa na que o Goberno do Partido Popular converteu a adxudicación das obras de desdoblamento desta vía, chegando a quedar deserto o concurso, e posteriormente adxudicado por tramos.

O que nos parece intolerable é que dúas actuacións imprescindibles para a mobilidade das persoas e para crear e potenciar as sinerxias da economía na área metropolitana de Vigo, se teñan atrasado na súa execución de xeito reiterado e agora se acabe por "desvestir un santo para vestir outro", con este traspaso de fondos de unha para a outra, condenando aos cidadáns e cidadás do Baixo Miño a tampouco rematar este ano unha actuación

Grupo Parlamentario

demorada unicamente por falla de vontade política do Goberno de Núñez Feijoo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No caso da VAC Tui - A Guarda, hai ademais unha dimensión que é necesario considerar no planeamento de infraestrutura de transporte no Baixo Miño, a dimensión transfronteiriza, entre Tui e A Guarda, hai dúas conexións terrestres con Portugal, con Valença e Vila Nova da Cerveira. Estas conexións internacionais deberían de ter unha axeitada conectividade coa rede galega de estradas. Lamentablemente, este é un agravio máis fronte as propias relacións económicas e sociais entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal.

Ante esta situación, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as razóns polas que o Goberno de Galicia baleira de orzamentos a construción da VAC Tui - A Guarda Tramo I?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 26/04/2016 19:35:03

José Manuel Gallego Lomba na data 26/04/2016 19:35:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/04/2016 19:35:21

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2016 19:35:27



 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2016 19:35:35

José Antonio Sánchez Bugallo na data 26/04/2016 19:35:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputados e deputada do Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a instalación de cámaras de vídeo vixilancia nos centros de ensino de Galicia.

O Goberno galego leva anos decantándose por unha visión securitaria, condutista e punitiva da educación, en lugar de avanzar cara a un modelo de ensino-aprendizaxe construtivista, estimulante e significativo que recolla as principais achegas da ciencia pedagóxica.

A denominada Lei da Convivencia Escolar de Galicia foi un chanzo máis nesta deriva retrógrada do ensino, baseado no establecemento dun réxime estrito de sancións e castigos sen afondar nas variables psicolóxicas, sociais, culturais e persoais que condicionan a evolución e o aproveitamento dos procesos de ensino e aprendizaxe, nunhas aulas cada día máis plurais e diversas ao igual que as sociedades nas que se atopan inmersas.

O desmantelamento dos Observatorios da Convivencia Escolar e dos recursos para dar unha axeitada resposta á diversidade de intereses,

capacidades, ritmos e intereses presentes nas aulas, non foi máis que unha concreción deste enfoque educativo.

A supresión de profesorado e o incremento de horario e materias a impartir mediante o abuso das afíns, implicou un severo recorte das horas adicadas a fornecer apoios educativos, desdobres e á coordinación e planificación de actividades compensatorias ou dinamizadoras do aprendizaxe.

Os recursos para a atención á diversidade foron substituídos por unha ringleira de protocolos e plans de actuación baleiros de contido para saír ao paso das denuncias ou acontecementos publicados nos medios de comunicación. Así, apareceu un protocolo contra o acoso escolar, un protocolo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria, protocolo para o alumnado con Trastorno do Espectro de Autismo (TEA) , protocolo de protección dos datos dos menores, e un longo etcétera.

En datas recentes, coñecía-se a intención do Goberno galego de instalar cámaras de vídeo vixilancia nos centros de ensino para previr o acoso escolar. Todo un paradoxo, tentar mellorar a convivencia dos cetros educativos con cámaras de seguridade. Como previr o acoso escolar con cámaras?. Poden as cámaras de seguridade impedir o bloqueo social? Poden as cámaras de seguridade impedir a difusión de rumores?. Poden as cámaras de seguridade favorecer que se compartan xogos e espazos?. Pode unha cámara de seguridade propiciar unha mostra de apoio ou un xesto de simpatía entre dous rapaces ou rapazas?. Pode unha cámara de seguridade impedir o ciber acoso?. Pode unha cámara evitar que un neno ou unha nena sexa ignorado ou excluído?. Pode unha cámara de seguridade evitar todas as formas de acoso indirecto e ás veces sutil que se agocha detrás de condutas imposibles de rexistrar en imaxes? Pode, en definitiva, unha cámara de seguridade propiciar condutas de empatía, desenvolver

aprendizaxes sociais, favorecer unha educación emocional equilibrada?. A resposta é non.

Como moito, unha cámara de seguridade pode provocar que se despracen de lugar determinadas agresións físicas, que pasarán a realizarse fóra do recinto escolar ou en lugares onde non podan ser recollidas polas cámaras de vixilancia. Invéstese deste xeito unha importante cantidade de diñeiro público en cámaras de seguridade, en lugar de activar mecanismos pedagóxicos que permitan educar na empatía, na solidariedade e desenvolver técnicas para a resolución de conflitos. Insístese nun modelo educativo superado, controlador e punitivo, en lugar de centrarse na prevención e na educación en valores.

Adóptase unha solución tecnolóxica, mais nunca se produce un pronunciamento sobre os valores hexemónicos na nosa sociedade, onde a competitividade, a violencia, a agresividade, o culto á vitoria a calquera prezo, o individualismo e a segregación, forman unha parte inseparable da nosa cultura, do noso ocio e mesmo das nosas leis educativas. Recortar en docentes para investir en cámaras de seguridade e á antítese da lóxica educativa. Substituír aos mestres por cámaras de vixilancia para mellorar o clima pedagóxico e de convivencia dos centros educativos, é tan aberrante como pouco efectivo. Demorar os recursos e actuacións necesarias para previr o acoso escolar con medidas carentes de eficacia, atenta ademais contra os dereitos fundamentais do alumnado, a quen se lle debe garantir un entorno educativo seguro e un clima escolar de confianza.

As ANPAS e asociacións de directores de centros públicos teñen manifestado a súa oposición a esta medida antipedagóxica polo que cómpre unha rectificación que salvagarde de xeito efectivo os dereitos e o desenvolvemento integral dos nenos e nenas galegas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno:**

- Considera o Goberno galego que instalar cámaras de vídeo vixilancia e seguridade nos centros educativos é unha ferramenta eficaz para previr os casos de acoso escolar?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/04/2016 19:35:13

Ramón Vázquez Díaz na data 26/04/2016 19:34:27

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/04/2016 19:34:44

Eva Solla Fernández na data 26/04/2016 19:34:53

Anton Sánchez García na data 26/04/2016 19:35:00

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/04/2016 19:34:36



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre cales son as medidas que está a adoptar a Consellaría do Mar no relativo a regular as tallas para os moluscos procedentes dos parques de cultivo.

A Consellaría do Mar publicou a Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo a talla mínima da ameixa babosa en 38 mm.

O propio Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, nos seus artigos 27 e 28, a competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. No exercicio destas competencias ditouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que no seu artigo 6 establece que a política pesqueira galega terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de establecemento e regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos.

Temos que lembrar que estas medidas teñen por finalidade asegurar a reprodución nos bancos naturais. A actividade desenvolvida nos parques de cultivo é unha actividade que ten por finalidade o engorde da semente depositada no substrato, polo tanto é unha actividade de cultivo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A medida aprobada pola Administración galega topou co rexeitamento dos parquistas, que reclaman que a súa actividade non sexa regulada como a actividade desenvolvida en banco natural, senón como cultivo, xa que o engorde dos moluscos nos seus parques non debe garantir a reprodución.

Esta medida foi levada aos tribunais por parte da Agrupación Parquistas de Carril, por considerala discriminatoria con respecto a outras actividades similares e que se está permitindo a importación de moluscos coas mesmas características de cultivo que as súas sen que sexan sometidos a tamaño mínimo.

Os tribunais non tardaron en pronunciarse evidenciando que a actividade de engorde dos parquistas non debe ser sometida a un tamaño mínimo para a súa comercialización, deixando en suspensión a aplicación da nova normativa, interpretando que os parquistas poderán comercializar os seus produtos, debidamente documentados a outros clientes sen someterse aos criterios de tamaño mínimo sempre que a súa primeira venda non se realice a través das lonxas autorizadas.

A pesares disto a Consellaría na vez de buscar unha solución que resolva o problema, ameaza a cultivadores e comercializadores coa imposición de multas a todas aquelas entidades que comercialicen, compren ou transacionen ameixas que non alcance a talla mínima esixida pola Consellaría.

Na mesma Orde a propia Consellaría xustifica a excepcionalidade da medida despois de analizar a información procedente do seguimento das poboacións e da explotación da ameixa babosa e observar que en determinadas zonas esta especie ten problemas de crecemento chegando a propor que o tamaño sexa inferior ao regulado pola normativa comunitaria.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Incluso a Disposición Adicional Única, admite excepcionalmente e sempre que se recolla nos plans de xestión aprobados pola Administración pesqueira a posibilidade de extraer ameixa babosa cun tamaño mínimo de 35 mm.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que iniciativas vai desenvolver a Consellaría para diferenciar entre moluscos de cultivo e moluscos extraídos en bancos naturais?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 27/04/2016 11:13:08

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Carmen Iglesias Sueiro, deputada pertencente ao **G. P. Mixto**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno** sobre a posibilidade de que o director do IES de Vilamarín poda renovar no cargo.

A principios do ano 2015 distintas iniciativas tratadas neste Parlamento amosaban a preocupación que distintos membros da comunidade educativa do IES de Vilamarín trasladaron aos Grupos Parlamentares pola deriva autocrática e diversas actuacións irregulares que se estaban a producir no centro por parte da entón dirección.

As irregularidades denunciadas non eran infundadas xa que rematou coa sanción ao director de 70 días de inhabilitación de emprego e soldo.

Novamente, a comunidade educativa do IES de Vilamarín volve a trasladar a súa inquedanza a esta deputada pola posibilidade de que, ao remate da sanción, o director poda continuar no seu cargo, pese a ter sido expedientado e sancionado xa por dúas veces e renovado no cargo tras a anterior sanción.

A primeira renovación produciuse tras ser sancionado por facturar a unha empresa da súa propiedade, diñeiro do centro público que dirixía e seguiu dirixindo tras cumprir a sanción. Non se entende como se lle permitiu seguir no seu cargo logo dun feito tan grave. Podíase aducir que todos temos dereito a unha segunda oportunidade e ao dereito de emenda. Porén, o ambiente laboral, as condicións educativas do alumnado e a deriva autocrática continuou, obrigando a parte do claustro, a ter que recorrer á Inspección Educativa con demasiada frecuencia.



As continuas denuncias remataron cunha nova sanción.

Sendo reincidente, non se entendería cales son os méritos acadados pola actual dirección para continuar no seu cargo e non ser substituído.


Se só se fai referencia á súa xestión, sen ter en conta as dúas inhabilitacións, tampouco xustificaría a súa permanencia no cargo pois o balance non é favorable.

Durante os case 8 anos da actual dirección, revélanse insuficiencias graves para o normal funcionamento da actividade docente. De entre as denunciadas sinalaremos as seguintes:

- Afán por orientar o centro cara as actividades que xeran ingresos cunha xestión mais empresarial que educativa.
- Desaparición dos programas CUALE de inglés e francés.
- Perda de programas de colaboración europeos ou becas Erasmus.
- Biblioteca en desuso.
- Aula informática desactualizada, programas eliminados e deficiente conexión a internet.
- Inexistencia de actividades extra escolares.
- Competencia desleal do centro denunciada polo colectivo de pasteiros da provincia ou na Feira Xantar.
- Limitación do control da xestión da dirección.
- Arbitrariedades na toma de decisións, etc...

Polo exposto, formúlase a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**:

- Dado que a renovación do cargo depende da Xefatura Territorial de Educación de Ourense, vai a Xunta de Galicia a permitir que o director do IES de Vilamarín, inhabilitado por segunda vez, continúe no seu cargo, unha vez cumprida a nova sanción que o inhabilita 70 días?



Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 27/04/2016 12:17:46



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Ricardo Vicente Docasar Docasar e Emilio Vázquez Blanco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

ABANCA e Afundación veñen de presentar aos medios de comunicación a creación do IESIDE, Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa.

Segundo di Juan Carlos Escotet este é un centro universitario que vén cubrir a carencia de que en Galicia non haxa ningunha universidade privada e que quere potenciar a oferta de estudos de posgrado existentes na nosa comunidade.

Incluso o Sr. Escotet deu conta dalgúns dos estudos que poñerá en marcha dende setembro: o grao de Administración e Dirección de Empresas, seis dobres graos, dous másteres MBA e 26 títulos propios de posgrao que, afirma ABANCA na súa nota de prensa, teñen “o propósito de completar a oferta universitaria existente en Galicia”

Afirmou tamén que o IESIDE iniciará a súa actividade en setembro cunha infraestrutura composta por catro centros, tres para usos formativos situados en Vigo, A Coruña e Pontevedra e unidades satélites en Santiago, Lugo, Ourense e Ferrol.

O cadro de persoal que terá o IESIDE é francamente rechamante, 420 docentes cun obxectivo de duplicar os 1.800 estudantes da Escola de Negocios Afundación nun prazo razoable de tempo, e con 6 millóns de inversión.

Realmente explicaron na presentación un proxecto que parece completo e que se iniciará nuns meses.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Coñece o conselleiro de Educación o proxecto de creación do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa por parte de ABANCA e Afundación?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Emilio Vázquez Blanco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 27/04/2016 12:24:35

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 27/04/2016 12:24:40

Emilio Vázquez Blanco na data 27/04/2016 12:24:46

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, Patricia Vilán Lorenzo, M^a Soledad Soneira Tajés, Noela Blanco Rodríguez e Ricardo Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En reiteradas ocasións os xulgados de Familia son noticia nos medios de comunicación pola excesiva carga de traballo e retraso nos asuntos xudiciais que teñen que substanciar.

Hai escasas datas a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anunciaba o reforzo con equipos psicosociais para os casos de custodias ou réximes de visitas a menores, entre outros.

O Parlamento de Galicia, a iniciativa deste grupo parlamentario, aprobou por unanimidade con data de 1 de decembro de 2015 unha Moción sobre a política que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de maltrato infantil.

Esta iniciativa inclúe, entre outras cuestións, aprobar un protocolo de coordinación interinstitucional e impulsar a quenda de oficio da especialización no maltrato infantil, especializando aos profesionais.

Non temos a día de hoxe xulgados especializados en violencia contra a infancia, nin no penal nin no civil, co que se fai moito máis complicado atopar profesionais formados para atender estes casos.

Tampouco na quenda de oficio dos avogados existe esa especialización que sería desexable para tratar o maltrato infantil de xeito que non se revictimice ás nenas e nenos.

O Imelga (Instituto de Medicina Legal de Galicia) non conta tampouco con equipos forenses especializados en avaliación forense de menores de idade e non hai servizos de garda de psicoloxía, co cal cando se presenta un caso

Grupo Parlamentario

a primeira entrevista (moitas veces a de máis valor) é realizada por un profesional que non recibiu un mínimo adestramento para facer unha intervención estruturada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na actualidade, as situacións de maltrato severo derívanse aos centros hospitalarios de referencia onde é enviado un médico forense (Imelga) que se encarga de toda clase de intervencións: recollida de mostras biolóxicas, avaliación física do neno ou nena, exploración xenital en caso de abuso sexual, entrevista,... Isto é completamente incorrecto, baste lembrar como exemplo que as vítimas adultas de violencia sexual son exploradas por especialista en xinecoloxía.

É moi grave para a vítima menor de idade ser entrevistada por persoa non experta en psicoloxía do testemuño infantil respecto a episodios de maltrato. Por dous motivos: en primeiro lugar polo dano que esta intervención pode ocasionar pois require dun tacto e dunha habilidade e coñecementos moi específicos (en ocasións o dano é tal que se negan posteriormente a falar do tema ou desdinse; este é un dos grandes riscos da praxe profesional errónea e non especializada).

Por outra banda, a proba testemuñal pode ser destruída de maneira definitiva: a primeira entrevista é a que aporta maiores ítems de credibilidade (posteriormente a información aparece máis ordenada e procesada, o cal a fai menos crible dende o punto de vista da psicoloxía forense).

É imprescindible regular que a entrevista forense será realizada unicamente por profesionais expertos en avaliación do testemuño infantil (atendendo ademais a necesidades específicas derivadas de discapacidades intelectuais, dificultades da linguaxe, enfermidade mental,...); que a entrevista se producirá nas condicións idóneas (estado no que se atopa a vítima, lugar en que se realiza, tempo transcorrido dende o suceso); que a entrevista será gravada e custodiada como proba para o procedemento ou para posteriores estudos e informes.

Da necesidade de gravar as entrevistas e de formar e especializar ás persoas que teñen que traballar con menores maltratados é coñecedor o Goberno de Galicia, pois foi advertido destes problemas en reiteradas ocasións nos

Grupo Parlamentario

debates no Parlamento de Galicia e por entidades de iniciativa social que traballan con familias e menores maltratados.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cales son os reforzos dos xulgados de Familia que está levando a cabo o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Patricia Vilán Lorenzo
M^a Soledad Soneira Tajés
Noela Blanco Rodríguez
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 27/04/2016 13:31:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/04/2016 13:31:56

María Soledad Soneira Tajés na data 27/04/2016 13:32:02

Noela Blanco Rodríguez na data 27/04/2016 13:32:09

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 27/04/2016 13:32:15

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O PDR de Galicia no período 2007-2013 partía cunha dotación inicial de preto de 1.500 millóns de euros, por diversos motivos esa cantidade foi reformulada.

En numerosas ocasións este grupo parlamentario puxo de manifesto as deficiencias na execución dos fondos deste programa, que segundo se acercaba a data límite de execución dos mesmos en decembro do ano 2015 (amparándose na regra n+2) corríamos o risco de perder unha cantidade moi significativa de fondos tanto europeos como estatais.

A mala xestión dalgúns GDR, a non dispoñibilidade de fondos propios imprescindibles para a cofinanciación, e a xestión levada a cabo por Agader, organismo da Consellería de Medio Rural, encargado da xestión deste programa nos levou á situación que se vía vir de perda de fondos.

Unha vez rematado definitivamente o período, e antes de empezar o novo correspondente programa 2014-2020, é preciso facer unha avaliación do traballo feito no anterior.

A Xunta de Galicia, semella querer pechar este proceso co cese do director xeral de Desenvolvemento Rural e máximo responsable de Agader.

Grupo Parlamentario

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que valoración fai a Xunta de Galicia no que se refire á execución de fondos correspondentes ao PDR 2007-2013?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 27/04/2016 14:18:21

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2016 14:18:26

José Ramón Val Alonso na data 27/04/2016 14:18:33

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Cando se puxo en marcha o Programa LEADER (2007-2013) en Galicia, se levou a cabo a constitución dos GDR a través dun proceso participado por todos os axentes locais do que emanou o mapa que estivo vixente ata a finalización do proceso no ano 2015.

No novo programa (2014-2020) a Xunta de Galicia, a través de Agader e de forma unilateral, decidiu reformular o mapa de ditos GDR, sen outros criterios explicables que non sexa o suposto control político dos mesmos.

Moitos concellos vense polo tanto obrigados a incorporarse a un novo grupo que debería obrigatoriamente refundarse e comezar o proceso para o seu funcionamento dende o principio.

Non obstante, algúns grupos están tomando decisións como é a contratación de asistencia técnica e de persoal, en base a decisións tomadas no período anterior e sen ter en conta a incorporación de novos membros.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia no que se refire á execución de fondos correspondentes ao PDR 2007-2013?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 27/04/2016 14:17:47

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2016 14:17:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso na data 27/04/2016 14:18:01

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os problemas de contaminación da Ría de Ferrol son coñecidos por todos.

As deficiencias no saneamento provocan que sexa un dos estuarios máis contaminados de Galicia con varias zonas de exclusión, é dicir sen clasificar e cunha zona de produción, a máis produtiva catalogada como C.

O Goberno galego decidiu no seu momento promover un cambio de modelo na explotación, pasando do coñecido como Plan de dinamización marisqueira da ría de Ferrol, no que os mariscadores cobraban por realizar traballos de rexeneración dos bancos a un modelo que permite a comercialización do produto recollido en zona C, despois de pasar un período de depuración nas bateas de reinstalación colocadas para tal fin pola Consellería do Mar na boca da ría, despois de reclasificar unha zona como A.

O modelo non funciona, o marisco perde calidade e prezo, e a elevada mortandade que ten que ser asumida polas confrarías de Ferrol e Barallobre está poñendo a estas entidades no abismo económico.

Hai poucos días que unha operación policial poñía en evidencia que estamos diante dun problema serio no que como sempre os quen teñen que render contas son os usuarios dos bancos marisqueiros, e non os responsables últimos da situación.

A situación é xa insostible para centos de traballadores que ven perigar o seu emprego e mesmo teñen que enfrontarse a responsabilidades que en ningún caso son súas.



Grupo Parlamentario

É por isto que diante desta situación os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Vai seguir o Goberno galego apostando por un modelo de reinstalación fracasado e custoso para as confrarías?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 27/04/2016 17:26:58

José Manuel Gallego Lomba na data 27/04/2016 17:53:01

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 27/04/2016 17:53:18



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao resultado das denuncias prantexadas sobre presuntas irregularidades no IES Vilamarín da provincia de Ourense.

O Grupo Parlamentar do BNG, no mes de marzo do pasado ano presentou varias preguntas sobre as actuacións que tiña pensado impulsar a Xunta de Galiza para resolver a problemática denunciada por unha parte do profesorado do IES Vilamarín de Ourense, no referente á mala xestión económica e a garantir o funcionamento democrático, transparente e participativo deste centro.

Un centro público, o IES de Vilamarín, con máis de 300 alumnos/as e dependente da Xunta de Galiza, no que se imparten ciclos formativos das familias profesionais de hostalería e turismo, industrias alimentaria e actividades agrarias. Tamén oferta, previo pago, servizos de comedor e residencia.

Un centro no que varios membros da comunidade educativa deste centro viñan denunciando, diante da inspección educativa e diante dos órganos colexiados dos que forman parte, unha serie de feitos irregulares en canto ao control e xestión económica do centro, como:

Impedimento de acceso para consulta de actas das reunións dos órganos colexiados dos que fan parte (Claustro e Consello Escolar)

Incumprimento da normativa de acceso aos membros do consello escolar á



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

información e documentación que figura na orde do día e que serán obxecto de avaliación, debate e votación.

Irregularidades na elaboración e aprobación dos orzamentos anuais.

Incumprimentos da normativa referente á execución do orzamento, modificación do mesmo e xustificación dos gastos dos exercicios económicos...

Naquela pregunta, do mes de marzo do pasado ano, dabamos conta de que, os responsábeis da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, parecían non ter interese na toma de decisións para a aclaración e solución das denuncias prantexadas.

Tamén afirmabamos, naquela pregunta de que, os portavoces de educación dos diferentes grupos parlamentares da oposición, atendemos no Parlamento a unha representación deste instituto e nesa xuntanza fomos informados das “supostas irregularidades” que parte do profesorado ven denunciando dende hai tempo no funcionamento deste IES Vilamarín.

Segundo manifestacións destes portavoces, soubemos que:

“Distintos membros do claustro de profesores e profesoras do IES Vilamarín da provincia de Ourense veñen facendo, dende hai tempo, unha serie de denuncias sobre o funcionamento irregular de dito centro ante os órganos colexiados dos que forman parte e ante a Inspección Educativa e Xefatura Territorial de Educación de Ourense”.

“O 21 de febreiro de 2014, 14 profesores e profesoras do centro, solicitaron unha reunión coa inspectora onde lle trasladaron a súa preocupación sobre distintas irregularidades que, ao seu entender, estaba cometendo a equipa directiva do centro”.

“Hai unha parte do profesorado que, no curso 2014/2015, continuaba



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denunciando un funcionamento irregular da equipa directiva”.

Ao Grupo Parlamentar do BNG chamoulle sempre a atención o feito de que, diante de denuncias de “presuntas irregularidades” cometidas, non houbera unha contestación por parte da administración educativa, durante un curso enteiro, de cara a solucionar os problemas denunciados.

Para o noso Grupo Parlamentar resúltalle inconcebíbel que non se aclaren e subsanen denuncias que fan referencia a:

- 1.- Funcionamento irregular dos órganos colexiados do Centro: Claustro e Consello Escolar.
- 2.- Funcionamento irregular na xestión administrativa e económica do centro, nomeadamente no referente á elaboración, aprobación e control de orzamentos.
- 3.- Posíbel instalación irregular de cámaras de videovixilancia.
- 4.- Posíbeis irregularidades na elaboración de horarios e programación xeral.
- 5.- Posíbeis irregularidades diante da presentación de numerosos escritos que nin son considerados nin son contestados.

No presente mes, nunha reunión dun grupo de profesores do IES de Vilamarín cos grupos políticos da oposición, fomos informados de que o Sr. Director do IES Vilamarín foi expedientado e sancionado, por segunda vez, nesta ocasión a 70 días de inhabilitación de emprego e soldo como sanción. Tamén fomos informados de que o Sr. Director solicitou que lle sexa concedida outra renovación do cargo de dirección do centro, a pesar dun segundo expediente e sanción por diversas irregularidades detectadas.

O grupo Parlamentar do BNG, diante da información recibida e diante das



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denuncias manifestadas por un sector do profesorado do IES Vilamarín, entendemos que merecen unha explicación por parte da administración educativa galega.

Polo exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Tomou algunha medida a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para garantir os dereitos do profesorado no exercicio da participación, información e intervención nos Claustros e Consellos Escolares do IES Vilamarín?

Santiago de Compostela, 27 abril de 2016

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 27/04/2016 18:19:21

María Tereixa Paz Franco na data 27/04/2016 18:19:27



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os xulgados de Vigo sofren desde hai demasiados anos un importante déficit dotacional e de infraestrutura, polas limitacións da súa actual sede, o que ten incidido negativamente nos procesos xudiciais. O persoal dos xulgados ten denunciado as insuficiencias da actual sede e tamén como estas limitan o seu desempeño, enlentecendo a marcha das causas e a atención á cidadanía. A dotación dunha nova sede xudicial en Vigo é polo tanto unha necesidade urxente para a cidade e a súa área de influencia. Para tal fin o PXOM, hoxe anulado, prevía a instalación da cidade da Xustiza no ámbito do Chouzo. Ese proxecto xa tiña comezado a dar os seus primeiros pasos, como visan a expropiación de terreos, que chegou a afectar a vivendas unifamiliares. O anuncio do Goberno Galego de iniciar un concurso de ideas para que o edificio do antigo Hospital Xeral albergue os novos xulgados, desbotando desta maneira o anterior proxecto da Cidade da Xustiza, provoca importantes incertezas, como a posibilidade de que os anexos I e II do Xeral sexan destinados a usos de tipo sociosanitario, que reforcen os servizos que se prestan na área de Vigo.

Descoñécese se o edificio central (o pirulí) reúne as condicións arquitectónicas e dotacionais para albergar no seu interior os xulgados cumprindo os requisitos infraestruturais desta dotación. A ausencia de proxecto construtivo na nova localización ameaza con adiar novamente unha infraestrutura esencial, xa que non se estableceron polo momento en que prazo podería estar executada a obra necesaria. Tampouco se ten



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

explicado cal será o custe de instalar os xulgados no Xeral, nin a súa comparación co custe estimado para a Cidade da Xustiza inicialmente proxectada. Todo este proceso tense realizado con opacidade e sen a necesaria interlocución cos axentes implicados, a principiar pola representación do persoal que traballa nos xulgados, axentes xurídicos, colexio de arquitectos, veciñanza da contorna, comerciantes e organizacións sanitarias, de cara a acordar os usos aos que se vaia destinar finalmente o Xeral e a compatibilidade entre estes. Tampouco se ten definido a que usos se destinaran os terreos xa expropiados para a Cidade da Xustiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é o proxecto concreto para o futuro dos xulgados da cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 27/04/2016 18:45:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2016 09:30
Nº Rexistro: 50055
Data envío: 27/04/2016 18:46:19.095



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tereixa Paz Franco na data 27/04/2016 18:45:32

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Carmen Acuña Docampo, María Quintas Álvarez, Carmen Gallego Calva e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno.**

Ourense é a día de hoxe a única provincia galega que non conta cun centro público para atender aos mozos e mozas con diversidade funcional de máis de 21 anos. Coa actual normativa en vigor, este alumnado ten que abandonar o centro educativo no que se atopan unha vez cumpridos os 21 anos, situación que leva ás súas familias a unha situación de profunda desesperanza, xa que estes mozos e mozas terán que permanecer nas súas casas ou desprazarse a centros moi afastados do seu domicilio habitual, rompendo dese xeito o necesario vínculo coas súas familias e perdendo de paso as destrezas e habilidades que con grande esforzo adquiriran na súa etapa de escolarización.

Esta xusta reivindicación, defendida pola Plataforma ProCAP-Ourense (Centro Asistencial Público en Ourense de xestión pública), conta co apoio dunha ampla representación social, sindical, evidenciando a xustiza da mesma e a necesidade de dar solución a este problema dende o Goberno da Xunta de Galicia.

Os e as socialistas consideramos que o Goberno de Galicia ten a responsabilidade de atender as necesidades do conxunto da poboación, pero moito máis, se cabe, as necesidades das persoas que teñen dificultades para poder desenvolver de maneira autónoma as súas vidas e que necesitan dun apoio especial. Entendemos, así mesmo, que estamos ante unha demanda totalmente xusta e que merece ser tida en consideración, e nada xustifica deixar abandonados á súa sorte a estas familias e aos seus fillos e fillas.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

4.ª) Considera a Xunta de Galicia que dito centro para persoas con diversidade funcional para persoas maiores de 21 anos estará funcionando para o vindeiro curso 2016-2017?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Raul Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 27/04/2016 18:27:02

María del Carmen Acuña do Campo na data 27/04/2016 18:27:10

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 27/04/2016 18:27:16

Carmen Gallego Calvar na data 27/04/2016 18:27:21

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2016 18:27:26

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O antigo GDR-20 Ulla – Umia - Lérez dende mediados do ano 2012 arrastrou moitos problemas de xestión que imposibilitaron un normal funcionamento do mesmo.

Débedas ó persoal técnico do que se acabou prescindindo, a xestión, pagos comprometidos a provedores que non son satisfeitos, débedas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria, e sobre todo inversións xa feitas polos solicitantes que contaban co apoio económico destes programas e que quedaron sen recursos.

A directiva deste GDR-20 estaba presidida polo alcalde de A Estrada D. José López, que nunca foi quen de dar explicacións ó respecto como máximo responsable.

No novo mapa dos GDR para o novo período (2014-2020), que impuxo de forma unilateral a Xunta de Galicia a través de Agader o Concello de A Estrada pasa a formar parte do GDR-16.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia con respecto a como se desenvolveu a xestión no GDR-20 Ulla-Umia-Lérez no anterior período?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2016

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso

 Grupo Parlamentario

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 28/04/2016 11:45:13

Raúl Fernández Fernández na data 28/04/2016 11:45:19

José Ramón Val Alonso na data 28/04/2016 11:45:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a saber que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para volver a recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros.

Os rexistros de captura de reló entre os anos 2001 e 2005 demostran que era unha especie importante para o marisqueo en Galicia pola cantidade de quilos extraídos, máis de 1.400.000 quilos pero sobre todo polos ingresos que chegaron alcanzar máis de 2.500.000 euros.

Esta situación mudou cando se constatou que esta especie acumulaba unha grande cantidade de chumbo prohibíndose a súa extracción. Dende entón diversas foron as reclamacións do sector, e de algúns grupos políticos demandando da Xunta de Galicia os estudos pertinentes para poder analizar en profundidade a problemática deste bivalvo e buscar a maneira de poder volver a extraer este molusco dado que supoñía unha perda irreparable para os ingresos de centos de mariscadores e en maior medida a partir do ano 2012 en que tivo lugar os efectos devastadores da Marteilia que acabou cos bancos marisqueiros do berberecho na ría de Arousa, Pontevedra e Vigo.

Neste contexto no ano 2014, e ante a presión do sector, a Consellaría do Mar tras as mostraxes realizadas trasladaba a opinión pública que nalgúns bancos marisqueiros os índices de acumulación de chumbo non alcanzaba os límites autorizados pola UE en exemplares de tamaño inferior aos 35 milímetros, co cal era procedente autorizar o seu consumo con todas as garantías sanitarias.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero a marxe de tamaño e o control e a responsabilidade de seleccionar que individuos eran aptos e cales se desbotaban era tan complexo que o sector considerou que non era viable optándose por un acordo entre sector e consellaría que tiña o seu reflexo na campaña do 2015 onde se publicaba unha resolución que autorizaba a extraer 15 quilos de reloxito para compensar as perdas por mortalidade e redución de topes e resembralos nunhas zonas determinadas pola Consellaría, a cambio abonábanse un total de 25 euros por capazo.

Pero agora resulta que un estudo levado polo grupo Ecotox da Universidade de Vigo no que se avalía o risco que supón o consumo deste bivalvo e os resultados obtidos todo indica que a inxesta deste produto non representa perigo para a saúde o que abre unha porta a posibilidade de recuperar a súa extracción e comercialización.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

O modelo de coordinación da investigación, das prioridades e sobre todo dos resultados salta polos aires. Dunha vez por todas vanse adoptar medidas para que as competencias e os diferentes centros estean centrados na realidade do País?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 28/04/2016 16:46:48

María Monserrat Prado Cores na data 28/04/2016 16:46:53



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á reprogramación das citas oncolóxicas na EOXI de Compostela.

O servizo de oncoloxía da EOXI de Compostela leva anos traballando ao límite, mentres as patoloxías oncolóxicas e a súa complexidade non fixo máis que aumentar nos últimos anos, o número de profesionais de oncoloxía non se incrementou para poder atender o aumento da demanda asistencial polo que se ven desbordad@s.

A isto hai que engadir a implantación do programa de prescrición farmacéutica SILICOM. Unha ferramenta informática dependente da empresa privada, pensada para a xestión da farmacia hospitalaria, non responde a criterios clínicos, é burocrática e obriga a investir o dobre do tempo en atender a cada doente.

Neste contexto diversos doentes dirixíronse ao Bloque Nacionalista Galego para trasladarnos a preocupación polas demoras nas consultas de revisión no servizo de oncoloxía da EOXI de Compostela. Infórmannos da reprogramación de citas, de xeito que consultas previstas para maio de 2016 son reprogramadas para xaneiro de 2017, oito meses máis tarde.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Si o diagnóstico precoz é importante nas patoloxías en xeral, nas oncolóxicas é fundamental, polo que é de supor a angustia e a preocupación d@s doentes pola demora nas citas de consulta.

O BNG considera inadmisíbel esta situación, que obriga @s profesionais a traballar con unha presión asistencial moi por enriba do normal e que incide negativamente na calidade da prestación sanitaria que reciben @s doentes, e polo tanto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Coida o Goberno galego que @s doentes están a recibir unha atención sanitaria de calidade con demoras nas citas de consultas de meses?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 28/04/2016 17:06:51



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez, Daniel Rodas Chapela, Francisco Xesús Jorquera Caselas, Montserrat Prado Cores, Tereixa Paz Franco, María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación dos traballadores da empresa LINORSA, adxudataria do servizo de limpeza de numerosos edificios públicos dependentes da Xunta de Galiza.

A empresa LINORSA (Limpiezas del Noroeste, SA) é unha empresa que emprega a preto de 900 traballadores na Galiza e que ten a concesión do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galiza: Centros de Ensino, Centros de Saúde, Xulgados, etc.

As traballadoras e traballadores de LINORSA levan moito tempo denunciando que a empresa, concesionaria da limpeza destes edificios públicos que dependen da Xunta de Galiza, non lles abona unha parte importante dos seus salarios.

Diante desta situación, os comités de empresa de LINORSA decidiron convocar mobilizacións á vista dos reiterados impagos de salarios por parte da empresa e para reclamar a implicación da administración pública á hora de exercer as funcións de control que lle son propias para garantir os dereitos sociolaborais dos/as traballadores/as.

Tamén a CIG se dirixiu á varias administracións públicas reclamando a súa implicación, diante do impago de nóminas e das débedas da empresa LINORSA cos/as seus/súas traballadoras/es. Esta central sindical ven denunciando as débedas da empresa



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cos/as traballadores/as e fixo un chamamento de urxencia, mesmo recorrendo á folga, diante do agravamento da situación polo recente embargo de máis de millón e medio de euros por parte da Axencia Tributaria e pola declaración de concurso de acredores da empresa. Mesmo chegou a reclamar, xunto coas demais centrais representativas, a rescisión das contratas a LINORSA para que non siga acumulando a súa débeda cos/as traballadores/as, e para posibilitar o rescate do servizo por parte da Xunta, que podería derivalo a outras empresas que poderían facerse cargos do servizo de limpeza e máis pagar aos/ás seus/súas traballadores/as.

O Grupo Parlamentar do BNG comparte as reclamacións das traballadoras/es e dos seus lexítimos representantes, diante do incumprimento dos dereitos laborais por parte dunha empresa concesionario de servizos de limpeza dunha administración pública, diante da lamentábel situación das traballadoras e traballadores que están a ter que traballar gratis para unha empresa que ten unha concesión dunha administración pública e reclama ao Goberno galego que tome as medidas oportunas para garantir a limpeza nos servizos públicos afectados e máis garantir o cobro dos salarios que as/os traballadoras/es aínda non percibiron.

Para o Grupo Parlamentar do BNG, non é de recibo a renuncia ao deber de vixilancia do Goberno galego respecto da forma en que se desenvolven as concesións, neste caso do servizo de limpeza, en edificios públicos dependentes do goberno galego e que ofertan un servizo público cal é o da educación, sanidade, xustiza, etc. Non é de recibo a impasividade do Goberno galego diante desta empresa que recibe cartos da administración pública mais que incumpre a lexislación laboral ao non abonarlle os salarios, en tempo e forma, aos/ás traballadores/as.

Estas son as razóns polas que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que opina o Goberno de que unha empresa contratada pola Xunta de Galiza pretenda incumprir a lexislación vixente en materia laboral, tras acceder a un contrato coa administración pública galega?

Santiago de Compostela, 28 de abril 2016

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Daniel Rodas Chapela

Montserrat Prado Cores

Tereixa Paz Franco

María do Carme Adán Villamarín

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 28/04/2016 17:37:01

Daniel Rodas Chapela na data 28/04/2016 17:37:06

María Monserrat Prado Cores na data 28/04/2016 17:37:09

María Tereixa Paz Franco na data 28/04/2016 17:37:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 28/04/2016 17:37:13

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/04/2016 17:37:15

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 28/04/2016 17:37:16



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A empresa LINORSA (Limpiezas del Noroeste, SA) ten a concesión do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galiza: Centros de Ensino, Centros de Saúde, Xulgados, etc.

As traballadoras e Traballadores de Linorsa levan moito tempo denunciando que a empresa, concesionaria da limpeza destes edificios públicos que dependen da Xunta de Galiza, non lles abona unha parte importante dos seus salarios.

Diante desta situación, os comités de empresa de Linorsa decidiron convocar mobilizacións á vista dos reiterados impagos de salarios por parte da empresa e para reclamar a implicación da administración pública á hora de exercer as funcións de control que lle son propias para garantir os dereitos sociolaborais dos/as traballadores/as.

Por todo isto, formúlase a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo trámite de **urxencia**:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten realizado algunha actuación a Goberno galego para que a empresa Linorsa, concesionaria de servizos públicos da Xunta, cumpra coa lexislación laboral e abone os salarios que lle adebeda @s traballadores/as destes servizos?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 02/05/2016 13:35:49

Á Mesa do Parlamento

Eva Solla Fernández, Xabier Rón Fernández, Antón Sánchez García, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado e Juan Manuel Fajardo Recouso, deputada e deputados do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, con carácter de urxencia.

Xustificación da urxencia

Poucas cousas son tan importantes coma a saúde da poboación, mais esta non semella ser unha prioridade para este Goberno. Anos de recortes orzamentarios e de RRHH teñen xerado un deterioro importante no noso sistema público.

Nos últimos anos, os escándalos continuos na Consellería de Sanidade (nepotismo, ocultación de información, privatizacións millonarias...) non parecen acusar recibo no Goberno galego, que só cedeu á presión social tras a concatenación de desastres na xestión do Novo hospital de Vigo e o seu traslado, cesando á Conselleira Mosquera.

De feito, o calote imposto á cidadanía co Novo Hospital de Vigo exemplifica o evidente fracaso do modelo sanitario de Feijóo.

Mais tras iso, e co novo titular da carteira, as políticas non mudaron un ápice. É máis, o ton arrogante e despectivo mantido no debate sobre as mortes que causaron as decisións económicas perante os tratamentos da hepatitis C evidenciou, unha vez máis, o alonxamento da Xunta dos problemas reais.

Manter a cargos imputados nos seus postos é tamén exemplo dunha Xunta de Galicia incapaz de coidar nin a saúde de galegas e galegos, nin a saúde

democrática do país.

Ante isto, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** pregunta:

¿Vai asumir a Xunta de Galicia o fracaso do seu modelo sanitario?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 02/05/2016 16:03:52

Ramón Vázquez Díaz na data 02/05/2016 16:03:33

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 02/05/2016 16:03:45

Eva Solla Fernández na data 02/05/2016 16:03:14

Jose Javier Ron Fernandez na data 02/05/2016 16:03:23

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 02/05/2016 16:04:01

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola recente visita que acaba de rematar do Presidente da Xunta de Galicia a Arxentina e Uruguai para que de resposta do contido das mesmas en Sede Parlamentaria.

Entre os días 21 e 26 de abril o Presidente da Xunta de Galicia realizou unha visita institucional a Arxentina e Uruguai, onde mantivo diversas xuntanzas cos emigrantes galegos residentes nestes países e no que se incluíu a recepción oficial por parte do presidente da República Arxentina e presidente da República Oriental de Uruguai entre outras personalidades.

A viaxe tamén estivo marcada polos contidos económicos, dadas as reunións mantidas con empresarios galegos e arxentinos; e na Cámara Oficial Española de Comercio de Uruguai; así como polo seu contido cultural, coa presenza do Presidente da Xunta na 42 Feira Internacional do Libro de Bos Aires, a que asistiu tamén o Alcalde de Santiago de Compostela (cidade invitada de honor) e 27 escritores galegos que representan a vangarda da literatura e da poesía en galego, xunto con outras personalidades como o Conselleiro de Cultura e Educación, o Presidenta do Consello da Cultura Galega e o Presidente da RAG.

Por todo isto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta oral urxente en Pleno :

¿ Que valoración fai o Goberno de Galicia da recente viaxe do Presidente da Xunta de Galicia a Arxentina e Uruguai?

Santiago de Compostela, 2 de maio 2016

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/05/2016 18:23:18

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luís Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera que a política económica desenvolvida polo seu Goberno contribúe a solventar os problemas sociolaborais do país?

Pazo do Parlamento, 02 de maio de 2016

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 02/05/2016 11:12:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Por qué renunciou a solicitar a modificación do sistema de financiamento autonómico para mellorar o financiamento de Galiza?”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2016

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 02/05/2016 13:17:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, viceportavoz do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, portavoz a efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do disposto no artigo 152.2. do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

- Cál é a súa valoración da situación do agro e do rural despois de dúas lexislaturas de Goberno Feijóo?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Viceportavoz do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 02/05/2016 15:31:29



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727